



### CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

#### Aprobación definitiva Orzamento 2022

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 25.11.2022 aprobou inicialmente o Proxecto de Orzamentos para 2022 integrado polo orzamento xeral, pola plantilla de persoal e polas bases de execución.

Publicado anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 273 de data 29.11.2022 e transcorrido o prazo previsto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen que se presentaron reclamacións, elévase a definitivo o orzamento xeral, a plantilla de persoal e as bases de execución do Concello de Abadín para o exercicio 2022.

Conforme ao artigo 169 do devandito Texto Refundido e ao artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por Capítulos:

#### ESTADO DE GASTOS

##### OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

##### A.- Operacións Correntes

Capítulo I: Gastos de Persoal	431.249,53 €
Capítulo II: Gastos Correntes en bens e Servizos	1.761.808,72 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	53.035,00 €

##### B.- Operacións de Capital

Capítulo VI: Investimentos reais	32.815,20 €
Capítulo VII: Transferencias de capital	9.671,50 €

**TOTAL GASTOS 2.288.579,95 €**

#### ESTADO DE INGRESOS

##### OPERACIONES NON FINANCEIRAS

##### A.- Operacións Correntes

Capítulo I: Impostos directos	1.266.311,03 €
Capítulo III: Taxas, Prezos Públicos y outros Ingresos	187.228,27 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	825.368,15 €

##### B.- Operacións de Capital

Capítulo VII: Transferencias de capital	9.672,50 €
---	------------

**TOTAL INGRESOS 2.288.579,95 €**

**PLANTILLA DE PERSOAL****Persoal Funcionario.**

<b>Escala: Funcionarios con habilitación de carácter nacional</b>				
<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>
Secretaría-Intervención	A1	1	26	En acumulación
<b>Escala: Administración Xeneral</b>				
<b>Subescala: Administrativa</b>				
<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>
Administrativo	C1	1	22	Vacante
<b>Escala: Administración Xeneral</b>				
<b>Subescala: Auxiliar</b>				
<b>Denominación</b>	<b>Grupo</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>
Auxiliar Administrativo	C2	3	18	2 Interinidade 1 Vacante

**Persoal Laboral.**

<b>Denominación</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Carácter</b>
Responsable de biblioteca	1	Temporal
Peón-conductor	1	Temporal
Conserxe	1	Temporal
Técnico de Educación Infantil	2	Temporal
Peón-conductor	2	Temporal
Axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	1	Temporal
Traballadora Social	1	Temporal

A plantilla de persoal laboral temporal pode ser obxecto de modificación consecuencia da concesión de subvencións da comunidade autónoma, da deputación provincial ou de outras entidades que financien a contratación deste tipo de persoal ou ben por necesidades do Concello para a execución de actuacións determinadas.

Contra o devandito acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS (2) meses a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos previstos no artigo 170 e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Abadín, 23 de decembro de 2022.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3935

**FOLGOSO DO COUREL***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 16 de decembro de 2022 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de novembro de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 23 de decembro de 2022.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3937

**FRIOL***Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 14/2022, (cuarto de competencia do Pleno), financiado con transferencias de crédito e maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2022, por un importe total de CORENTA E DOUS MIL TRESCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (42.366,68 €); de acordo co

preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTE</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.250.248,56.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos .....	1.861.034,69.-
3.- Gastos financeiros.....	5.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	179.244,57.-
6.- Inversións reais.....	1.279.709,05.-
7.- Transferencias de capital.....	314.043,10.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.889.979,97.-

Na mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3861

### *Anuncio*

#### NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL FIXO

Por Resolución de Alcaldía de 20 de decembro de 2022, concluído o procedemento de selección de persoal para a provisión de oficiais de primeira como persoal laboral fixo- promoción interna-, segundo a convocatoria publicada no BOP de Lugo número 255 de 8 de novembro de 2022, procedeuse o nomeamento como persoal laboral fixo de:

NOME E APELIDOS	DNI	POSTO
JOSE MANUEL LOUREIRO CORRALES	***681***	Oficial de 1ª Encargado de Obras e Servizos Múltiples
FRANCISCO JAVIER FERRO MODIA	***734***	Oficial de 1ª de Obras e Servizos Múltiples

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 60 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do empregado público de Galicia.

Friol, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3862

### LÁNCARA

#### *Anuncio*

Por decreto de alcaldía de 20 de decembro de 2022 o Concello de Lánacara aprobou a convocatoria e Bases Xerais e Bases Específicas dos Procesos Selectivos que se convocan no proceso de estabilización de emprego temporal da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/21 de 28 de decembro cuxo contido e o seguinte:

“BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA OU LABORAL FIXO NO CONCELLO DE LÁNCARA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN

ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021), COTA XERAL E/OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE.

### 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES XERAIS

É obxecto das presentes bases xerais regular os aspectos comúns dos procesos selectivos excepcionais de estabilización que convoque o Concello de Láncara, para a selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público cuxas prazas foron incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) publicada no *Boletín Oficial da Provincia* de Lugo (BOP) núm. 122 de 30 de maio de 2022.

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

### 2. NORMAS DE APLICACIÓN

Os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, rexeranse por estas bases xerais, polas correspondentes bases específicas e convocatorias. No non regulado nas mesmas estarase ao disposto:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para a ámbito local) da Lei 20/2021.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCE).

### 3. CONVOCATORIA

A alcaldía, adoptará resolución aprobando as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, as bases xerais e as bases específicas que regularán os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), cota xeral e/ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso.

A convocatoria, as bases xerais e as bases específicas, publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo, na sede electrónica do concello <http://lancara.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios da entidade, enviándose extracto da convocatoria e das bases ao *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e ao *Boletín Oficial do Estado* (BOE).

A publicación das convocatorias deberán producirse antes do día 31 de decembro de 2022 para cumprimento do art. 2.2 da Lei 20/2021.

#### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas aos procesos selectivos, será necesario cumprir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos xerais que se indican a continuación, ademais dos que se determinen nas bases específicas de cada convocatoria e conservalos durante o procedemento de selección ata o acordo polo que se resolva definitivamente.

Requisitos xerais sinalados no art. 56 do TREBEP:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no art. 57 do TREBEP.

- Ser cidadán da Unión Europea ou seu cónxuxe, sempre que non estean separados/as de dereito, así como os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un (21) anos ou maiores dependentes.
- Estar incluído/a no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas das prazas/postos que se convocan.

c) Ter cumpridos dezaseis (16) anos e non alcanzar a idade de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no seu caso, o persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica, que no se caso, se esixida na base específica 5.1 correspondente ás prazas que se convocan ou estar en condicións de obtela na data na que remata o prazo de presentación de instancias. As persoas aspirantes con titulación obtida no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Nivel de galego (determinado na base específica 5.2). Este requisito, de non cumprirse será substituído pola realización da proba que se determina na base xeral 9

g) Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse na base específica 5.3 que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e tarefas a desempeñar.

h) Cando se convoquen prazas incluídas na cota de persoas con capacidades diferentes, as persoas aspirantes que concorran, deberán ter recoñecido grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Si durante o proceso selectivo a mesma desaparecera ou diminuíse quedando por debaixo da porcentaxe sinalada, procederase de oficio a realizar o cambio á cota xeral.

#### 5. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN - MODELO, LUGAR, FORMA DE PRESENTACIÓN, PRAZO E DOCUMENTOS A PRESENTAR

Para participar nos procesos selectivos teranse que realizar as seguintes actuacións tendo en conta que:

- Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que queira participar.
- Deberán relacionar os méritos na solicitude así como incorporar as acreditacións documentais dos que se aleguen.
- No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, só se poderá participar nunha das dúas modalidades.
- Cando se solicite adaptación das probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberase indicar expresamente na solicitude.

##### 5.1. Lugar, forma de presentación e modelo de solicitude

Presentación telemática. A través da sede electrónica do Concello; identificarse co certificado electrónico; incorporar cuberto o modelo de solicitude que figure nas bases específicas de cada convocatoria relacionando os méritos que se queren facer constar; Incorporar os documentos orixinais-con código de verificación ou copias electrónicas auténticas que se sinalan na base xeral 5.2; Asinar e presentar a solicitude na que declarará, baixo a súa responsabilidade, que reúne todas as condicións esixidas nas bases xerais e específicas que rexen a convocatoria, con anterioridade á data de remate do prazo presentación de instancias.

Presentación no rexistro xeral do Concello. Cumprimentar o modelo de solicitude que figura como anexo destas bases (dispoñible en formato papel nas oficinas de atención ao cidadán e en formato editable na páxina web do Concello; Relacionar os méritos que se queren facer constar e asinar; Presentar a solicitude xunto cos documentos

orixinais que se relacionan na base xeral 5.2, dos que se realizará copia electrónica auténtica para proceder ao rexistro.

Presentación en calquera outro lugar dos sinalados no art. 16.4 da LPACAP, tendo en conta que os documentos que se incorporen á solicitude deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica.

**5.2. Documentos a incorporar coa solicitude:**

- a) Acreditación documental dos méritos relacionados na solicitude tal e como se indica para cada apartado do baremo na base xeral 10.
- b) Titulación académica oficial, que no seu caso, se esixida na base específica 5.1 da convocatoria correspondente.
- c) Outros requisitos que no seu caso se esixan na base específica 5.3.
- d) Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.
- e) Nivel de galego esixido na base específica 5.2 (ao obxecto de non realizar a proba de galego).
- f) Acreditación do pago da taxa de participación en procedementos selectivos base xeral 5.4.
- g) **PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES**

Para participar na cota de reserva para persoas con capacidades diferentes, no seu caso, deberán incorporar a certificación de discapacidade igual ou superior ao 33%.

No caso de solicitar adaptación de probas presentarase a maiores o certificado de medidas de adaptación para realizar as probas, expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.

Excepcións: As persoas aspirantes que estean prestando servizos na entidade non terán que acreditar os méritos que figuren no seu expediente formativo

**5.3. Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *BOE*.

**5.4. Taxa de participación en procesos selectivos**

A contía da taxa correspondente a cada proceso de selección é a establecida na Ordenanza fiscal nº 8, artigo 6, concepto 34.

Forma de pagamento: En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento substituirá á obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídas definitivamente as persoas que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

**5.4.1. Consecuencias de non aboar a taxa.**

As persoas aspirantes que non abonen a taxa dentro do prazo de presentación de instancias, serán excluídas da listaxe de persoas admitidas.

**5.4.2. Devolución da taxa aboada ás persoas aspirantes.**

Para proceder á devolución da taxa ás persoas que o soliciten, deberán figurar como excluídas na listaxe definitiva.

Non procederá a devolución do importe aboado nos supostos de renuncia a participar no proceso selectivo das persoas aspirantes admitidas.

**5.5. Erros nas solicitudes.**

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

**5.6. Defectos das solicitudes.**

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

**6. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**

**6.1. Listaxe provisional**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelido, o número do DNI anonimizado, (disposición adicional sétima da LPDCPL) e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de reserva para persoas con capacidades diferentes, elaborárase unha listaxe diferenciada para cada unha das cotas. Se non se deduce a opción, incluírase por defecto na listaxe provisional do sistema xeral.

Esta resolución publicarase no BOP, na sede electrónica do concello <http://lancara.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios da entidade.

#### 6.1.1 Período de alegacións á listaxe provisional

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións.

#### 6.2 Listaxe definitiva

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola alcaldía a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas non se permitirá ningún cambio de cota.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

#### 6.2.1 Recursos contra a listaxe definitiva.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

### 7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

#### 7.1 Designación e composición.

O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente) e será nomeado pola alcaldía, publicándose a resolución no BOP, na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios da entidade.

Composición:

Presidencia: Un empregado público pertencente a grupo de clasificación ou categoría profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretaría: a persoa que exerza a secretaría xeral da corporación, ou persoa funcionaria que a substitúa.

Vogais: tres empregados públicos pertencentes a grupo de clasificación ou categoría profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

A composición acomodárase ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/ou persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

#### 7.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e/ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

#### 7.3. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á alcaldía, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995.

A presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, asesores e colaboradores, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias prevista no artigo 23.2 da LRXSP nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da LRXSP.

A alcaldía, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

#### 7.4. Constitución do Tribunal.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

A citación ao Tribunal para a súa constituicións incluírase na resolución pola que se lles cita para a realización da proba de galego.

#### 7.5. Actuación do Tribunal.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización da proba de galego, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a presidencia ou a secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que a proba de galego se corrixa sen coñecer a identidade das persoas aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O Tribunal, no suposto de solicitar adaptación de probas persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias .

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola LPACAP.

#### 7.6. Indemnizacións.

As persoas que formen parte do Tribunal cualificador, así como persoal asesor e/ou colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias, gastos de locomoción e manutención, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

### 8. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema de selección será o de concurso, segundo o establecido na Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

### 9. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica 5.2 non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

Diferenciaranse os resultados das persoas que participen pola cota xeral e, no seu caso, pola cota de reserva a persoas con capacidades diferentes.

Para dar cumprimento ao art. 51.2 da LEPG, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica 5.2

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

No suposto de convocar prazas reservadas a persoas con capacidades diferentes, a proba de galego terá idéntico contido para todas as persoas aspirantes, independentemente da cota pola que se participe.

#### 9.1.1. Citación.

A resolución da alcaldía pola que se cita ao Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditan o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) para a realización da proba de galego publicarase no BOP, na sede electrónica do concello <http://lancara.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios da entidade, garantíndose unha antelación mínima de 15 días.

#### 9.1.2. Chamamentos.



As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan.

No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de persoas con capacidades diferentes realizaranse os chamamentos de forma diferenciada.

O Tribunal cualificador decidirá en cada caso, con fundamento na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben realizalo/a noutra data, ou ámbalas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do Tribunal nesta cuestión, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

#### **9.1.3. Identificación.**

As persoas aspirantes citadas, deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento identificativo oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

#### **9.1.4. Anonimato.**

Para garantir o anonimato empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre lacrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

O Tribunal anulará aquelas probas nas que figuren elementos (marcas, sinaturas, utilización de bolígrafos diferentes aos que se entregan....) que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, excluíndoas definitivamente do proceso selectivo.

#### **9.1.5. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.**

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización da proba de galego a aquelas persoas con discapacidade que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con elo non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou menoscabe o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, do 9 de xuño.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala da praza/posto á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

#### **9.1.6. Criterios de corrección**

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización.

#### **9.1.7. Publicación e período de alegacións**

Os resultados faranse públicos na sede electrónica do concello <http://lancara.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios da entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na web corporativa.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

### **10. BAREMO DE MÉRITOS**

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego.

A puntuación máxima do concurso será de 100 puntos establecéndose unha puntuación mínima de 25 puntos para superar o concurso ou ser incluído nas listaxes de emprego temporal do Concello.

#### **10.1. Criterios de Valoración:**

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmente tal e como se indica en cada un dos apartados do baremo, diferenciado, no seu caso, os resultados das persoas aspirantes que participan pola cota xeral das que participan pola cota de persoas con capacidades diferentes.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

#### **10.2. Méritos a valorar:**

##### **A) EXPERIENCIA PROFESIONAL**

A puntuación máxima deste apartado é de 60 puntos (60%).

## A)1 Criterios de Valoración da experiencia profesional:

- Valorarase a experiencia profesional adquirida nas Administracións Públicas definidas no art. 2.3 da LRXSP, como persoal funcionario ou laboral, na mesma praza/posto/emprego que se convoca (idéntica denominación e mesma función).
- Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.
- O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, despregando os decimais, pola puntuación que corresponda conforme se sinala no cadro do apartado A)2.
- No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no informe de vida laboral.

## A)2 Cadro de valoración da experiencia profesional:

APARTADO	ADMINISTRACIÓN	PUNTUACIÓN (POR CADA 30 DÍAS DE SERVICIOS)
A)2.1	Administracións Locais	0,45
A)2.2	Outras Administracións Públicas	0,25

## A)3 Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa Entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados.

## B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado é de 40 puntos (40%).

## B)1 Criterios de valoración da formación:

Valorarase a formación que cumpra os seguintes requisitos:

. Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

. Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.

. Impartida dentro dos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local, nas universidades públicas ou privadas; as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

. Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

. Realizada nos 15 anos anteriores á data de remate de presentación de solicitudes.

Aos efectos de evitar unha documentación innecesaria se indica que non puntuarán:

- As xornadas,

- Os cursos que non teñan relación directa coas funcións propias praza convocada,

- Os cursos que teñan idénticos contidos, aínda que se desenvolveran en datas distintas. quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

- Os cursos que non figuren na relación que debe acompañar a solicitude.

-Os cursos que figurando na relación non conste certificado ou diploma.

B)2 Valoración da formación: a razón de 0,60 puntos/hora curso.

B)3 Forma de acreditar a formación

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, o contido, o número de horas (no suposto de ser créditos - equivalencia en horas), determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición, a entidade que organiza e a data de remate da acción formativa

**10.3. Publicación e período de alegacións.**

O resultado do concurso publicarase na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados do baremo de méritos na web corporativa para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

**11. CUALIFICACIÓN FINAL E LISTAXE ASPIRANTES QUE SUPERAN A PUNTUACIÓN MÍNIMA.**

O Tribunal fixará a cualificación final que virá determinada polo resultado do concurso.

A continuación elaborárase unha listaxe coas persoas aspirantes que alcanzan ou superan a puntuación mínima fixada para superar o concurso (25 puntos), ordenada de maior a menor puntuación, quedando o resto eliminadas do procedemento selectivo.

No suposto de convocar prazas da cota xeral e da cota de persoas con capacidades diferente elaborárase unha listaxe única ao obxecto de que as persoas que concorran ás prazas reservadas para persoas con distintas capacidades, que excedan o número de prazas convocadas para esta cota, e que formen parte desta listaxe sexan propostas polo Tribunal en igualdade de condicións para as prazas incluídas na cota xeral.

**11.1 Resolución dos empates.**

En caso de empates acudirase aos seguintes criterios, ata que se resolvan:

1º.- Maior puntuación no apartado A)2.1 do baremo de méritos.

2º.- Estar ocupando a praza obxecto da convocatoria.

3º.- Maior idade da persoa aspirante.

**12. RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN E PROPOSTA DE INCORPORACIÓN NAS LISTAXES DE EMPREGO TEMPORAL**

**12.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.**

O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando a proposta de nomeamento ou contratación.

No suposto de que existan prazas reservadas á cota de persoas con discapacidade e que non sexan cubertas por persoas con capacidades diferentes, estas acumularanse á cota xeral. Así mesmo, no suposto de que algunha persoa que participan pola cota de persoas con capacidades diferentes, non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior a obtida por outras persoas aspirantes da cota xeral, será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación.

**12.2 Orde das persoas para a incorporación as listaxes de emprego temporal**

As persoas aspirantes non propostas polo Tribunal para ocupar as prazas que se convocan, que alcancen ou superen a puntuación mínima de 25 puntos, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal do Concello.

**12.3 Publicación**

As cualificacións finais, listaxe de persoas que alcancen ou superen a puntuación mínima esixida para superar o concurso, a proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal e a proposta das persoas non seleccionadas para a súa incorporación nas listaxes de emprego temporal, serán publicadas na sede electrónica do concello de Láncaara <http://lancara.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios da entidade.

### 13. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

As persoas aspirantes propostas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa orixinal ou copia electrónica validada ou compulsada que acredite os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, que non fosen acreditados coa solicitude de participación:

- DNI ou calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do TREBEP.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Certificación de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- Acreditación de non ter sido separado/a do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na base xeral 4; e non estar incurso/a en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Titulación académica oficial esixida, no seu caso, na base específica 5.1 ou os dereitos aboados para obtelo.
- Tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- Demais requisitos que se esixan, no seu caso, na base específica 5.3
- No caso de persoas aspirantes a prazas de cota reservada a persoas con capacidades diferentes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá acreditarse tal condición mediante certificación expedida polo órgano competente da administración correspondente. Así mesmo, o Concello requirirá respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade co desempeño das correspondentes funcións da praza para a que resulte seleccionado .

Se as persoas aspirantes seleccionadas tiveran a condición de persoal funcionario de carreira, estarán exentas de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditadas para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso presentarán certificación do organismo do que dependan, na que se acredite a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

#### 13.1. Prazo de presentación.

As persoas aspirantes propostas dispoñerán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal na sede electrónica do Concello.

#### 13.2. Lugar de presentación.

Nos mesmos lugares que os sinalados na base xeral 5.1.

#### 13.3. Falta de presentación de documentos.

As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeadas ou contratadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta de contratación complementaria ao que se refire a base xeral 12.1.

### 14. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO

#### 14.1. Órgano competente.

A alcaldía da entidade resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria, propoñendo o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

#### 14.2. Publicación.

A resolución de nomeamento ou contratación deberá publicarse no BOP, na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios da entidade.

### 15. TOMA DE POSESIÓN/ CONTRATACIÓN

#### 15.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na resolución da alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación da citada resolución no BOP.

#### 15.2. Falta de toma de posesión/ou sinatura do contrato.

Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non tomara posesión ou asinara o contrato dentro do prazo sinalado. Neste caso tamén entrará en xogo a proposta complementaria á que se refire a base xeral 12.1.

#### 15.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato.

#### **16. DEREITO SUPLETORIO**

En todo o non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa sinalada na base xeral 2, ou naquela outra que resulte de aplicación, remitíndose aos órganos competentes da xurisdición contencioso-administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

#### **17. RECURSOS**

Contra o acordo que aprobe as presentes bases xerais, definitivo en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante a alcaldía do Concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación no BOP ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

#### **18. NORMA FINAL**

As presentes bases xerais, e mailas bases específicas que se aproben para cada praza, e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación dos Tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na LPACAP ou na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## MODELO DE SOLICITUDE OFERTA DE EMPREGO DO CONCELLO DE LÁNCARA (ESTABILIZACIÓN DA 6ª LEI 20/2021)

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO	OE-ESTABILIZACIÓN DA 6ª LEI 20/2021 - CONCURSO
DENOMINACIÓN PRAZA	
RÉXIME XURÍDICO	
DATA BOP	
COTA	
DATOS PERSOA ASPIRANTE	
NOME	
PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	
DNI	
DATOS CONTACTO E NOTIFICACIÓN	
NOME DE VÍA	
NÚMERO	
PISO	
PORTA	
CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
PAÍS	
TELÉFONO FIXO/MÓBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
REQUISITOS PARTICIPACIÓN	
TITULACIÓN ACADÉMICA OFICIAL ESIXIDA, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
NIVEL DE GALEGO ESIXIDO NAS BASES ESPECÍFICAS	
TAXA ABOADA	
ADAPTACIÓN DE PROBAS (DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%)	

GRAO DE DISCAPACIDADE QUE TEN CERTIFICADA			
ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA			
RELACIÓN DE MÉRITOS. Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar para o concurso (os non relacionados non serán tidos en conta polo Tribunal). As acreditacións documentais dos méritos terán que incorporarse á presente solicitude .			
A) EXPERIENCIA PROFESIONAL			
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (ART. 2.3 LEI 40/2015)	PERIODO SERVIZOS	
B) FORMACIÓN (másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares)			
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	DATA REMATE	HORAS
DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN Á SOLICITUDE (orixinais ou copia electrónica auténtica)			
			Marcar cunha X
Acreditación dos méritos relacionados na solicitude			
Titulación académica oficial esixida nas bases específicas			
Outros requisitos que se esixan, no seu caso, nas bases específicas			
Certificado do nivel de galego esixido nas bases específicas			
Acreditación da nacionalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia)			
Xustificante do pago da taxa establecida nas bases xerais e, no seu caso, os documentos esixidos para realizar o pago da taxa reducida (certificación de ser desempleado/a e de non percibir prestación por desemprego na súa modalidade contributiva)			
PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES			
No suposto de presentarse pola cota de reserva de persoas con capacidades diferentes, Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%			

No suposto de pedir adaptación de probas presentárase, ademais do sinalado no punto anterior, certificado do equipo de valoración de discapacidade no que se especificuen as medidas de adaptación necesarias.	
--	--

SOLICITO que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e DECLARO que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condicións de acreditarlos e que reúno todos os requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria para ser admitido/a .

....., a ..... de ..... de .....

Sinatura da persoa solicitante

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

Para o cómputo temporal, os meses considéranse de 30 días. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

**B. Cursos de formación, ata un máximo de 4 puntos.**

Valoraranse os cursos que aporten os candidatos/as na forma que se indica a continuación:

a) Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar. Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias dos postos convocados e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os relacionados co coñecemento da lingua galega, coa prevención, e cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Puntuación: 0,40 puntos por cada hora de curso.

Só computarán os cursos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

Indícase que non puntuarán:

- As xornadas
- Os cursos que non teñan relación directa coas funcións propias dos técnicos de emprego ou axentes de emprego e desenvolvemento local
- Os cursos que teñan idénticos contidos, aínda que se desenvolveran en datas distintas. Neste suposto só puntuará un deles, que será o de data máis recente

**NOVENA.- CUALIFICACIÓN FINAL**

A cualificación final do candidato virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición máis a obtida na fase de concurso, o que dará a puntuación total obtida no procedemento selectivo.

Os desempates de puntuación resolveranse segundo os seguintes criterios relacionados por orde de preferencia:

- a) Estar ocupando unha das prazas obxecto de convocatoria.
- b) Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- c) Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- d) Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións públicas ou sector público.
- e) A de maior idade.

**DÉCIMA.- PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN.**

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá para a contratación como personal laboral fixo ao candidato/a aprobado/a con maior puntuación.

Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde.

A publicación se realizará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan con dotación orzamentaria.

Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produza renuncia do/a aspirante seleccionado/a, ou no suposto de que non presentase a documentación esixida na base décima antes da súa contratación ou non o fixera no prazo establecido, o órgano convocante poderá contratar como persoal laboral fixo ao seguinte aspirante que lle siga en puntuación ao proposto polo tribunal.

**UNDÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

O aspirante proposto, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos seguintes:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados;

f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/ta, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

#### **DUODÉCIMA. NOMEAMENTO E ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL LABORAL FIXO.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, o Sr. Alcalde dictará resolución acordando a formalización do contrato laboral fixo a favor do candidato proposto, no prazo máximo dun mes, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

O decreto acordando a formalización de contrato laboral fixo será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento.

Antes de formalizarse o contrato deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

-Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outono, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

## ANEXO I

DATOS DA CONVOCATORIA	
<b>PROCESO SELECTIVO: OE ESTABILIZACIÓN ART.2 LEI 20/2021</b> <b>CONCURSO-OPOSICIÓN</b>	
DENOMINACIÓN DA PRAZA	XORNADA

DATOS PERSOAIS		
1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI	ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	NACIONALIDADE
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACION		
TELEFONO	12. CORREO ELECTRÓNICO	

REQUISITOS PARTICIPACIÓN			
TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA	DISPOÑO DUN TÍTULO ACREDITATIVO DE LINGUA GALEGA:		
	SI	especificar cal:	NON

ADAPTACIÓN DE PROBAS (DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %)	
GRADO DE DISCAPACIDADE QUE CERTIFICA	ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA

RELACIÓN DE MÉRITOS: Relación de méritos alegados para a súa valoración na fase de CONCURSO, segundo a orde fixada na base oitava, acompañada da documentación xustificativa dos mesmos.		
• EXPERIENCIA PROFESIONAL		
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	PERIODO SERVICIOS

FORMACIÓN		
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	HORAS

**EXPOÑO:**

A vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza referenciada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do Concello de O Páramo, publicada no BOP de Lugo nº 119 de 26 de maio de 2022:

**DECLARO:**

1. Que reúno todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria.
2. Que posúo a capacidade funcional e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspiro.
3. Que non teño sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala



de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado

4. Que os datos consignados neste modelo de solicitude son certos

Por todo iso, **SOLICITO:**

A miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Fotocopia do carnet de conducir categoría B, e declaración xurada de que posúe vehículo ou pode desprazarse por outros medios propios
- Acreditación do grado de discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso
- Documentación xustificativa dos méritos alegados.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PÁRAMO**

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais, recollidos do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do CONCELLO DE O PÁRAMO para o envío de comunicacións e xestión deste Concello, e conservaranse mentres exista un interese mútuo para elo. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ó seu tratamento dirixíndose ó Concello de O Páramo, Lugar O Páramo s/n s/n 27363 O Páramo (lugo) e- mail:concello.oparamo@eidolocal.es. Si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en [www.agpd.es](http://www.agpd.es)

**ANEXO II****TEMARIO**

- 1.- A Constitución Española. Título preliminar.
- 2.- O Municipio de O Páramo. Poboación e termo municipal
- 3.- Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de O Páramo.
- 4.- Obxectivos do servizo de axuda no fogar.
- 5.- : Dereitos das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.
- 6.- Deberes das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar
- 7.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.
- 8.- A mobilización das/os enfermas/os: pautas xerais e movementos a realizar
- 9.- Intervención da/o auxiliar de axuda no fogar na nutrición, hixiene e aseo persoal da/o asistida/o.

Ábrese un novo prazo de presentación de solicitudes de 20 días naturais a partir do seguinte á publicación da presente rectificación no Boletín Oficial do Estado.

O Páramo, 23 de decembro de 2022.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3936

**POL*****Anuncio***

Por Decreto de Alcaldía de data 21 de decembro de 2022 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao cuarto trimestre do ano 2021.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período durante dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de cobranza no BOP Lugo. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectuarlo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3908

**RIOTORTO*****Anuncio***

**LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL. NOMEAMENTO DO TRIBUNAL. CONVOCATORIA TRIBUNAL E ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN.**

Aprobada por Resolución de Alcaldía de data 21 de decembro de 2022, expónse ao público a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, persoal laboral fixo, así como o nomeamento do tribunal e a convocatoria das probas selectivas:

*"Vista a oferta de emprego público para o ano 2022 aprobada por este concello por Resolución da Alcaldía de data 14 de decembro de 2021, e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 288 de data 17 de decembro de 2021, para cubrir unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, persoal laboral fixo, por estabilización de emprego.*

*Visto o expediente para a cobertura desa praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, persoal laboral fixo, regulado nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 25 de outubro de 2022, e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 252 de data 04 de novembro de 2022.*

*Vista a publicación do extracto da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 273 de data 14 de novembro de 2022 e no Diario Oficial de Galicia núm. 215 de data 11 de novembro de 2022.*

*Vista a Resolución de Alcaldía de data 29 de novembro de 2022, pola que se aproba a listaxe provisional de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 278 de data 05 de decembro de 2022, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.*

*Rematado o prazo de subsanación e analizada da documentación presentada polas persoas candidatas, tendo en conta a competencia que me atribúe a lexislación vixente, veño en acordar:*

*1.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do devandito proceso selectivo, composta polas seguintes persoas:*

**- ADMITIDOS/AS:**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CASTELO LÓPEZ, TAMARA	**54702**	Si
LODEIRO VILAR, MARTA	**34933**	Si

**- EXCLUÍDOS/AS:**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (non excluínse)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
DÍAZ MIRÁS, MARÍA DEL CARMEN	**80717**	Non presenta copia electrónica auténtica, copia compulsada ou orixinal con código verificación	Non presenta copia electrónica auténtica, copia compulsada ou orixinal con código verificación dos documentos: -DNI -Titulación académica requirida

*2.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección:*

*- Presidente: Ernesto Ares Yáñez, Técnico de Emprego do Concello de Xermade.*

*Suplente: José Manuel Rozas Bello, Funcionario Superior da Xunta de Galicia.*

*- Secretario: Manuel Fernández Fernández, Secretario-Interventor do Concello de Riotorto.*

*Suplente: Froilán Pallín Seco, Secretario-Interventor do Concello de A Pontenova.*

*- Vogal 1: Marta Barreiro Castro, Funcionaria Superior da Xunta de Galicia.*

*Suplente: María Luisa González Maceda, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pobra do Brollón.*

*- Vogal 2: Sandra Neira Gómez, Técnico de Xestión do Concello de Baleira.*

*Suplente: María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.*

- Vogal 3: *María del Carmen Lage Fernández, Técnico de Administración Xeral-Axente de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación Provincial de Lugo.*

*Suplente: María Belén Regueiro Vázquez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Rábade.*

3.- *Convocar ao citado tribunal cualificador para o día 13 de xaneiro de 2023 ás 09:00 horas, no Centro Sociocultural "Avelino Díaz" de Riotorto, aos efectos da súa constitución e realización da fases de oposición e concurso.*

4.- *Convocar ás persoas aspirantes incluídas na lista definitiva de admitidos para o día 13 de xaneiro de 2023 no Centro Sociocultural "Avelino Díaz" de Riotorto para a realización da fase de oposición nos seguintes horarios:*

- *Ás 10:00 horas para a realización do primeiro exercicio tipo test.*

- *Ás 12:00 horas para a realización do segundo exercicio de carácter práctico.*

5.- *Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica (<https://riotorto.sedelectronica.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia."*

Riotorto, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3864

### Anuncio

#### LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL. NOMEAMENTO DO TRIBUNAL. CONVOCATORIA TRIBUNAL E ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN.

Aprobada por Resolución de Alcaldía de data 21 de decembro de 2022, exponse ao público a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Traballador/a Social, persoal funcionario, así como o nomeamento do tribunal e a convocatoria das probas selectivas:

*"Vista a oferta de emprego público para o ano 2022 aprobada por este concello por Resolución da Alcaldía de data 14 de decembro de 2021, e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 288 de data 17 de decembro de 2021, para cubrir unha praza de Traballador/a Social, escala de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario, por estabilización de emprego.*

*Visto o expediente para a cobertura desa praza de Traballador/a Social, persoal funcionario, regulado nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 25 de outubro de 2022, e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 252 de data 04 de novembro de 2022.*

*Vista a publicación do extracto da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 273 de data 14 de novembro de 2022 e no Diario Oficial de Galicia núm. 215 de data 11 de novembro de 2022.*

*Vista a Resolución de Alcaldía de data 29 de novembro de 2022, pola que se aproba a listaxe provisional de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 278 de data 05 de decembro de 2022, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.*

*Rematado o prazo de subsanación e analizada da documentación presentada polas persoas candidatas, tendo en conta a competencia que me atribúe a lexislación vixente, veño en acordar:*

1.- *Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do devandito proceso selectivo, composta polas seguintes persoas:*

- **ADMITIDOS/AS:**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CRIADO CASTELO, MARÍA	**34619**	Si
GARCÍA LÓPEZ, EMMA	**62183**	Si
GONZÁLEZ DÍAZ, EVA	**54199**	Si
LÓPEZ EXPÓSITO, BEATRIZ	**55786**	Si

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, NOELIA	**48553**	Non
SECO LÓPEZ, NOELIA	**54861**	Si
CARREIRAS RIVAS, SUSANA	**58374**	Si
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, RAQUEL	**95362**	Si
VICTORINO DOMÍNGUEZ, MARÍA INMACULADA	**49154**	Si

**- EXCLUÍDOS/AS:**

Ningún.

2.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección:

- Presidente: Simón Castro Gavín, Técnico de Administración Financeira do Concello de A Pontenova.

Suplente: José Manuel Rozas Bello, Funcionario Superior da Xunta de Galicia.

- Secretario: Manuel Fernández Fernández, Secretario-Interventor do Concello de Riotorto.

Suplente: Froilán Pallín Seco, Secretario-Interventor do Concello de A Pontenova.

- Vogal 1: María Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín.

Suplente: Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio.

- Vogal 2: Sandra Neira Gómez, Técnico de Xestión do Concello de Baleira

Suplente: María Cristina Pardo Otero, Traballadora Social do Concello de Abadín.

- Vogal 3: Begoña Teijeiro Campo, Secretaria-Interventora do Concello de Barreiros.

Suplente: Marta Barreiro Castro, Funcionaria Superior da Xunta de Galicia.

3.- Convocar ao citado tribunal cualificador para o día 11 de xaneiro de 2023 ás 09:00 horas, no Centro Sociocultural "Avelino Díaz" de Riotorto, aos efectos da súa constitución e realización da fases de oposición e concurso.

4.- Convocar ás persoas aspirantes incluídas na lista definitiva de admitidos para o día 11 de xaneiro de 2023 no Centro Sociocultural "Avelino Díaz" de Riotorto para a realización da fase de oposición nos seguintes horarios:

- Ás 10:00 horas para a realización do primeiro exercicio tipo test.

- Ás 12:00 horas para a realización do segundo exercicio de carácter práctico.

- Ás 14:00 horas para a realización do terceiro exercicio correspondente á proba de galego para aqueles candidatos que non acreditasen o coñecemento da lingua.

5.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica (<https://riotorto.sedelectronica.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia."

Riotorto, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3865

**SAMOS**

**Anuncio**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 02 de decembro de 2022, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de tesorería*, como segue a continuación:

**Altas en aplicacións de gastos****Suplemento de crédito :**

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
Progr.	Económica		
165	22100	Servizos públicos básicos. Suministro electricidade	29.000,00
165	213	Servizos públicos básicos. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	9.000,00
920	130	Servizos públicos básicos. Salarios persoal laboral fixo	875,34
920	16000	Servizos públicos básicos. Seguridade social persoal laboral fixo	331,02
231	130	Actuacions de protección e promoción social. Salarios persoal laboral fixo	657,50
231	16000	Actuacions de protección e promoción social. Seguridade social persoal laboral fixo	207,45
920	131	Servizos públicos básicos. Salarios persoal laboral temporal	675,89
920	16000	Servizos públicos básicos. Seguridade social persoal laboral temporal	246,76
231	131	Actuacions de protección e promoción social. Salarios persoal laboral temporal	2.566,61
231	16000	Actuacions de protección e promoción social. Seguridade social persoal laboral temporal	865,91
920	12000	Servizos públicos básicos. Salarios persoal funcionario	2.212,17
920	16000	Servizos públicos básicos. Seguridade social persoal funcionario	508,71
		<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>47.147,36</b>

**2.º FINANCIAMENTO**

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**Altas en Conceptos de ingresos**

ECONÓMICA	Descrición	Euros
Concepto		
870.00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	47.147,36
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>47.147,36</b>

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Samos, 23 de decembro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3951

## SARRIA

### Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 179.4 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 42 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2022 de aprobación do expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos TC 11/2022 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de dito expediente, o resumo por capítulos dos orzamentos para 2022, da seguinte forma:

#### Estado de Ingresos

Cap. 1	Impostos directos	3.985.082,02 €
Cap. 2	Impostos indirectos	135.000,00 €
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.369.500,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	5.724.176,25 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7	Transferencias de capital	848.656,29 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.845.137,97 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	991.900,66 €
	TOTAL	23.899.853,19 €

#### Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	5.474.375,78 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	7.510.426,23 €
Cap. 3	Gastos financeiros	90.000,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	1.034.806,29 €
Cap. 6	Investimentos reais	9.762.207,77 €
Cap. 7	Transferencias de capital	22.037,12 €
Cap. 8	Activos financeiros	6.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00 €
	TOTAL	23.899.853,19 €

Sarria, 28 de decembro de 2022.- O ALCALDE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3980

## TRABADA

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2023

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de

información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello de Trabada para o exercicio 2023, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 23 de novembro de 2022, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición, considérase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

**ESTADO DE INGRESOS**

Capítulo 1, Impostos directos.....	242.211,80
Capítulo 2, Impostos indirectos.....	738.000,00
Capítulo 3, Taxas e outros ingresos.....	168.069,49
Capítulo 4, Transferencias correntes.....	597.359,05
Capítulo 5, Ingresos patrimoniais.....	1.835,96
Capítulo 6, Enaxenación de inversións reais.....	0,00
Capítulo 7, Transferencias de capital.....	262.850,07
Capítulo 8, Activos financeiros.....	0,00
Capítulo 9, Pasivos financeiros.....	0,00
<b>SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....</b>	<b>2.010.326,37</b>

**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo 1, Gastos de persoal.....	615.406,44
Capítulo 2, Compra de bens correntes e de servizos.....	477.980,00
Capítulo 3, Gastos financeiros.....	10.689,08
Capítulo 4, Transferencias correntes.....	209.754,43
Capítulo 5, Fondo de continxencia.....	6.200,00
Capítulo 6, Inversións reais.....	651.278,54
Capítulo 7, Transferencias de capital.....	20.000,00
Capítulo 8, Activos financeiros.....	0,00
Capítulo 9, Pasivos financeiros.....	19.017,88
<b>SUMA TOTAL DOS GASTOS.....</b>	<b>2.010.326,37</b>

Do mesmo xeito en cumprimento do disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, de 18 de Abril, faise pública a plantilla de persoal:

**1.- FUNCIONARIOS:**

<b>FUNCIONARIOS DE CARREIRA</b>			
<b>POSTO</b>	<b>ESCALA</b>	<b>SUBESCALA</b>	<b>SITUACIÓN</b>
SECRETARIA-INTERVENCIÓN (A2, NIVEL 28)	HABILIT. ESTATAL	SECRET.-INTERV.	PROPIEDAD
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (C2, NIVEL 16)	ADMON. XERAL	TECNICA	PROPIEDAD
TECNICO DE XESTIÓN ( A2, NIVEL 21 )	ADMON. XERAL	TECNICA	VACANTE
ADMINISTRATIVO ( C1, NIVEL 18)	ADMON. XERAL	TECNICA	VACANTE
COORDINADOR AXUDA NO FOGAR ( A2, NIVEL 24 )	ADMON. XERAL	TECNICA	VACANTE
TRABALLADOR SOCIAL ( A2, NIVEL 20 )	ADMON. XERAL	TECNICA	VACANTE
ARQUITECTO TÉCNICO ( A2, NIVEL 22 )	ADMON. XERAL	TECNICA	VACANTE



**2.- PERSOAL LABORAL****2.1.- PERSOAL LABORAL FIXO**

<u>Denominación do posto de traballo</u>	<u>Nº de dotacións</u>
Auxiliar biblioteca	1
Traballadora Social	1
Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	3
Operario Limpeza Viaria	1
Operario Servizos Múltiples	1
Peón Conductor- Oficial Servizos Múltiples	1

**2.2. PERSONAL LABORAL TEMPORAL (Prazas estruturais ocupadas de forma temporal pendentes de ser cubertas de maneira definitiva a través de procesos de estabilización )**

<u>Denominación posto de traballo</u>	<u>Numero Dotacións</u>
Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	7
Limpiadora municipal	1
Diplomadas/Graduados Educación Infantil	2

Segundo o disposto no artigo 171.1 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, poderase interpoñer directamente contra o referenciado orzamento xeral, recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a data seguinte á publicación deste anuncio.

Trabada, 23 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 3945

*Anuncio***Aprobación das bases xerais que rexerán a convocatoria dos procesos selectivos correspondentes ás diferentes prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Trabada en réxime de persoal laboral fixo.**

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía número 505/2022 de data 9 de decembro de 2022, as bases xerais para a convocatoria dos procesos selectivos correspondentes ás diferentes prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Trabada incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en réxime de persoal laboral fixo, mediante os sistemas de concurso- oposición e concurso, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do extracto do anuncio das bases específicas de cada proceso no Boletín oficial do Estado.

Achéganse as bases xerais que rexerán a convocatoria:

**“BASES XERAIS QUE REGULARÁN AS CONVOCATORIAS DE PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE TRABADA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021****PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos comúns para a convocatoria e proceso de selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal da Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria de estabilización, aprobada por Resolución de Alcaldía número 180/2022 de data 18 de maio de 2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 118 de data 25 de maio de 2022;

As prazas estruturais vacantes son:

**PERSOAL LABORAL:**

DENOMINACIÓN	TOTAL PRAZAS	CORPO/ ESCALA	GRUPO LABORAL	ACCESO
<i>Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar</i>	3	<i>Administración Especial</i>	V	<i>LIBRE ( Disposición Adicional 6ª )</i>
<i>Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar</i>	2	<i>Administración Especial</i>	V	<i>LIBRE ( Artigo 2.1 )</i>
<i>Limpador</i>	1	<i>Administración Xeral</i>	V	<i>LIBRE ( Artigo 2.1 )</i>

**SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes**

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida.

Estos requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias.

**TERCEIRA. Quenda de Reserva**

Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación polo interesado, atendendo ao disposto na Base Cuarta do presente documento.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao posto ofertado.

**CUARTA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias**

As solicitudes ( Anexo I ), requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sra. Alcaldesa-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no Taboleiro de Anuncios do Concello, inseríndose un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Os aspirantes que opten por quenda de reserva de persoas con discapacidade farano constar na súa solicitude, declarando que reúnen as condicións esixidas pola normativa aplicable e indicando as adaptacións de tempo e medios necesarios para asegurar a súa participación en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Á súa solicitude achegará certificado de discapacidade onde se acrediten as deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido, para que posteriormente o Tribunal entre a valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Unha vez analizadas as necesidades específicas de cada un dos aspirantes que participan en quenda de reserva, o Tribunal adoptará as medidas necesarias de adaptacións de tempo e medios que serán publicadas na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> );

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

#### **QUINTA. Admisión de Aspirantes**

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

#### **SEXTA. Tribunal Calificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Asesórelos deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **SÉTIMA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos**

##### **1.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO**

De conformidade coa Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

No concurso de méritos se valorará a experiencia profesional e a formación ou capacitación profesional ( valoración de cursos relacionados coas funcións a desempeñar ), dacordo co que se establezan nas bases específicas.

As puntuacións máximas correspondentes a cada un dos méritos evaluables ( experiencia profesional e formación ) determinarase nas bases específicas de cada convocatoria.

**7.1.1.- Experiencia profesional:** No concurso de méritos comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. As puntuacións correspondentes a cada un dos méritos evaluables determinarase nas bases específicas de cada convocatoria.

Valoraranse a experiencia profesional na forma que se describa nas bases específicas correspondentes, que tamén determinarán a puntuación máxima.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que se prestaran os servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados, que deberá especificar os departamentos e funcións dos postos desempeñados.

*Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social.*

*Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.*

*Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.*

**7.1.2.- Formación ou capacitación profesional:** *Asimesmo, no concurso de méritos se valorarán cursos ou actividades formativas, segundo se indique nas bases específicas de cada convocatoria, cun máximo que tamén se indicará nesas bases.*

*A formación ou capacitación profesional deberá acreditarse mediante certificación orixinal ou copia compulsada, expedida pola Administración Pública ou entidade privada que impartiu o curso, ou mediante orixinal ou copia compulsada do diploma de asistencia ou aproveitamento, facendo constar o número de horas e as materias impartidas no mencionado curso.*

*O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.*

*No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na valoración da experiencia profesional. De non ser posible dirimir o empate conforme ao anterior, atenderase a puntuación obtida na valoración dos cursos de formación. De persistir o empate este resolverase por sorteo.*

## **2.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN**

*De conformidade co artigo 2.1. da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso- oposición, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 31 de decembro de 2020 durante 3 anos.*

### **OITAVA. Cualificación**

*A puntuación global de todos os procesos será de 100 puntos.*

*A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso ( procesos derivados da aplicación da Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021 ) ou na fase de concurso- oposición ( procesos derivados da aplicación do artigo 2.1 da Lei 20/2021 ).*

*No caso de empate, a orde se establecerá atendendo sucesivamente ós seguintes criterios e polo seguinte orde:*

*1.-Maior número de días de desempeño de servizos no mesmo Corpo/ Escala/ clasificación profesional obxecto da convocatoria.*

*2. Maior puntuación en méritos profesionais.*

*3. Maior puntuación en méritos académicos.*

*4. Orden alfabético dos apelidos e nome, tendo en conta a letra resultante do sorteo realizado na Secretaría de Estado de Función Pública, relativa á orde de actuación dos aspirantes nas probas selectivas (artigo 17 do Real Decreto 364/1995). Dita letra será a que estivera vixente na data de publicación da convocatoria do proceso selectivo. Se seguirán as regras do Rexistro Central de Persoal da Administración Xeral do Estado sobre a forma de inscrición dos nomes e dos apelidos.*

### **NOVENA. Relación de Aprobados, Acreditación de Requisitos Esixidos e Nomeamento**

*Unha vez terminada a baremación e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Trabada.*

*Os aspirantes propostos acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de 20 días hábiles desde que se publican no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no Taboleiro de Anuncios do Concello, os seguintes documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:*

*a) Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.*

*b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.*

*c) Certificado médico actualizado –considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses–, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.*

d) *Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

e) *Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.*

f) *Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.*

g) *Documento acreditativo de conta bancaria.*

h) *Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo debidamente compulsado.*

*Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.*

*Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.*

*O Alcalde deberá de nomear funcionario ao aspirante proposto, no prazo de un mes a contar desde a terminación dos vinte días anteriores. O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun mes.*

*No caso de persoal laboral, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza. Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.*

*Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.*

#### **DÉCIMA. Incompatibilidades**

*Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.*

#### **UNDÉCIMA.- Carácter vinculante das bases.**

*Estas Bases Xerais vincularán ó Concello de Trabada, ós tribunais cualificadores e ós aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.*

#### **DÉCIMA SEGUNDA. Incidencias**

*Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

- a) As licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi sendo outorgadas polo Concello ou, de ser o caso, pola entidade que asuma a xestión dunha área territorial conxunta que se poida crear segundo o disposto na normativa vixente.
- b) As autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

2. Corresponde ao Concello de Vilalba o outorgamento da licenza de taxi no ámbito urbano (entendendo como tal o conxunto do concello) e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana.

3. As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento regulado na normativa aplicable.

4. Os títulos habilitantes outorgaranse sen prazo de duración prefixado, ben que a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano ou órganos competentes, en cada caso, segundo o establecido ao efecto pola normativa vixente.

#### **Artigo 7.** Requisitos para a tramitación da titularidade da licenza de taxi.

Só poderán ser titulares de licenzas de taxi as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente aplicable á materia.

#### **Artigo 8.** Número máximo de licenzas.

1. O outorgamento de licenzas de taxi virá determinado, en todo caso, pola necesidade e conveniencia do servizo para prestar ao público atendendo á caracterización da oferta e a demanda existente no ámbito territorial, así como polo mantemento da calidade do servizo e a sustentabilidade na súa explotación. Como regra xeral, o número máximo de licenzas de taxi no Concello de Vilalba será de: unha (1) licenza de taxi por cada 1.100 habitantes, cun mínimo de 2 licenzas de taxi no concello.

2. O Concello de Vilalba poderá efectuar unha continxencia específica para o seu ámbito territorial, diferente da prevista no apartado anterior deste mesmo artigo, mediante a tramitación dun procedemento que se iniciará pola realización dun estudo previo de mobilidade no que se analicen aspectos relacionados coas condicións de mobilidade do correspondente ámbito territorial, a calidade da prestación do servizo existente e aspectos socioeconómicos. O referido procedemento deberá efectuarse de conformidade cos trámites e esixencias que estipule a lexislación vixente na materia.

#### **Artigo 9.** Limitacións na titularidade das licenzas.

1. O número máximo de licenzas de taxi por titular será de dúas, sempre en cumprimento da normativa autonómica en vigor.

2. Non se poderá ser titular de licenzas de taxi en distintos concellos.

3. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, e deberá prestar o servizo persoalmente realizando labores de condución. En caso de ser titular de varios deses títulos, deberá estar adscrito á prestación persoal do servizo nun deles.

4. Non obstante o anterior, a persoa titular poderá contratar persoas condutoras asalariadas para prestar o servizo naquelas horas nas que non a realice ela directamente. Estas persoas asalariadas deberán estar contratadas en réxime laboral, figurando a xornada completa e con dedicación exclusiva, ou estar incluídas no réxime de persoal autónomo colaborador, de acordo coa lexislación laboral.

5. Cada licenza de taxi en ningún caso poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, tendo que ser unha delas a persoa titular.

6. Sen prexuízo do indicado, nos supostos de baixa médica por enfermidade ou declaración de incapacidade permanente revisable, por un período superior a 60 días e polo tempo que estas duren, poderase substituír á persoa condutora asalariada afectada, por un período igual ao da correspondente baixa ou declaración.

#### **Artigo 10.** Adxudicación e outorgamento de licenzas.

1. Ante a eventualidade de que o Concello de Vilalba conte con continxencia para elo, as licenzas de taxi serán outorgadas polo Concello mediante concurso público ao cal se poderán presentar as persoas que cumpran os requisitos para seren titulares de licenzas de taxi, e sempre cumprindo cos requisitos establecidos na normativa autonómica e estatal aplicable.

2. O Concello poderá proceder á convocatoria de novas licenzas de taxi, logo da verificación da existencia de dispoñibilidade, segundo o procedemento establecido na normativa vixente aplicable á materia.

#### **Artigo 11.** Visado das licenzas.

1. A vixencia das licenzas de taxi queda condicionada á constatación por parte da Administración Municipal, do mantemento das condicións que orixinariamente xustificaron o seu outorgamento e que constitúen requisitos para a súa validez e de aquelas outras que, aínda non sendo esixidas orixinariamente, resulten, así mesmo, de obrigado cumprimento en virtude das disposicións legais que resulten de aplicación. Esta constatación efectuarase mediante o visado da licenza, que terá lugar de acordo co calendario aprobado anualmente pola Administración Municipal.

2. Para a realización do visado deberá presentarse unha declaración responsable na que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle

habilita a licenza e que xustificaron o seu outorgamento, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando se lle requira, e que se compromete a mantelas ata o próximo visado.

3. O Concello realizará a debida anotación no Rexistro de Títulos Habilitantes da presentación da documentación/declaración responsable.

4. A falta de visado en prazo determinará a extinción automática do correspondente título habilitante, sen necesidade dunha declaración da Administración nese sentido. Paralelamente, o non visado da licenza ou da autorización interurbana de taxi comportará automaticamente a extinción do outro título, como consecuencia da vinculación de ámbolos dous títulos no caso de que esta estivera prevista na normativa autonómica.

5. Non obstante, os títulos así extinguidos poderán ser rehabilitados, no prazo dun ano dende a fin do prazo de visado, prazo no que continuarán computándose a efectos de cuantificar o continxente de licenzas máximas do Concello, salvo renuncia expresa do seus titular a dita rehabilitación. Ao efecto, a persoa interesada terá que solicitar a rehabilitación da licenza ante a Administración Municipal aportando a mesma documentación esixida para este. Unha vez que esta comprobe que se reúnen os requisitos para rehabilitar o título, resolverá en tal sentido e fará a correspondente anotación no rexistro. A rehabilitación do título non visado orixinaríamente comportará automaticamente a rehabilitación do outro que causara baixa pola falta de visado do primeiro, excepto en caso de que este tampouco fora visado en prazo, suposto no que tamén deberá solicitarse e xustificarse a súa rehabilitación.

6. A realización do visado periódico previsto neste artigo non será obstáculo para que a Administración Municipal poda, en todo momento, comprobar o cumprimento adecuado dos requisitos esixidos nesta Ordenanza, solicitando da persoa titular da licenza a documentación acreditativa que estime pertinente.

#### **Artigo 12.** Suspensión e extinción das licenzas de taxi.

En canto á suspensión temporal e extinción das licenzas de taxi estarase ao establecido na lexislación vixente.

#### **Artigo 13.** Autorizacións para a prestación do servizo de taxi interurbano.

Estarase ao establecido na lexislación vixente.

#### **Artigo 14.** Vinculación de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi.

1. As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas, sendo preciso dispor de ámbolos dous títulos para a realización da actividade, o que implica que a suspensión ou extinción dun título habilitante implicará a suspensión ou a extinción do outro ao que estea vinculado.

2. O procedemento coordinado para o outorgamento das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi será o establecido na normativa autonómica vixente.

#### **Artigo 15.** Transmisión de títulos habilitantes.

1. En relación á transmisión de títulos habilitantes estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

2. A persoa que transmita unha licenza de taxi non poderá volver a ser titular doutra licenza de taxi no Concello de Vilalba, ata que transcorra un período de cinco anos dende a transmisión.

#### **Artigo 16.** Prohibicións.

1. Non se poderá realizar ningún tipo de negocio xurídico que comporte a transmisión das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi, e dos vehículos afectos a ela, ao marxe do procedemento legalmente establecido nesta ordenanza e na lexislación vixente na materia.

2. Non se permitirá o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas ou a transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a estas fora do estipulado nesta ordenanza.

3. No caso de que calquera destas operacións se fagan e o Concello teña coñecemento destes feitos serán sancionadas coa perda da concesión da licenza, ao estar considerada unha infracción moi grave segundo a normativa autonómica de aplicación

4. A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello de Vilalba contravindo as disposicións desta ordenanza, será declarada nula e será sancionada de acordo co disposto neste artigo.

#### **Artigo 17.** Rexistro municipal de títulos habilitantes.

a) O Concello de Vilalba dispón dun rexistro público de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi no cal figuran a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións administrativas, o vehículo e os condutores ou condutoras adscritos aos títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.

b. Os titulares das licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que figuran no rexistro municipal de títulos habilitantes no prazo dun mes dende que se produza o cambio.

c) O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustarase á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e de protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e máis dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a estes, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

## CAPÍTULO II. EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TAXI.

### Sección 1ª. DOS CONDUTORES E CONDUTORAS.

#### **Artigo 18.** Prestación do servizo.

1. As persoas titulares de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi deberán prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar persoas condutoras asalariadas que figurarán a xornada completa e con dedicación exclusiva.
2. Cada licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular. A relación entre as persoas condutoras asalariadas e as titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.
3. Os titulares de máis dunha licenza deberán acreditar ante o Concello que exercen a actividade persoalmente nunha das licenzas e poderán explotar a outra mediante persoal condutor asalariado. A persoa titular, sempre que lle sexa requirido, deberá xustificar o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e da seguridade social relativas ás persoas asalariadas.
4. En todo o non recollido no presente artigo deberase atender á normativa vixente aplicable na materia.

#### **Artigo 19.** Condicións esixibles.

Os condutores e condutoras deberán posuír o correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente e dispor da correspondente capacitación profesional que se estableza.

### Sección 2ª.- DOS VEHÍCULOS AFECTOS ÁS LICENZAS.

#### **Artigo 20.** Clasificación.

Os vehículos adicados á actividade de taxi deberán estar clasificados como turismos e deben cumprir cos requisitos establecidos pola lexislación en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ao servizo ao que están adscritos.

#### **Artigo 21.** Número de prazas.

1. Con carácter xeral, as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi outorgaranse para vehículos cunha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora.
2. Con todo, autorizaranse vehículos de ata nove prazas, incluída a da persoa condutora, cando devanditos vehículos estean adaptados para o transporte dunha ou máis persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas.
3. Para o cómputo desas prazas, ademais da correspondente á persoa condutora, só se terán en conta aquelas que resulten aptas para utilizar por calquera persoa usuaria. Quedarán, deste xeito, excluídas aquelas que teñan unhas dimensións reducidas en relación co resto de prazas do vehículo.

#### **Artigo 22.** Substitución.

Requírese para a substitución do vehículo afecto á licenza ou autorización interurbana autorización do Concello, sempre que o vehículo substituínte sexa máis novo que o substituído e reúna as condicións establecidas pola normativa para a prestación do servizo.

#### **Artigo 23.** Vehículos adaptados.

1. En canto á existencia de vehículos de taxi adaptados para transportar persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeiras de rodas estarase á normativa aplicable na materia.
2. Nesta tipoloxía de vehículos, a praza ou prazas previstas para a fixación de cadeiras de rodas deberán resultar operativas de requirilo unha persoa usuaria, sen necesidade de que esta realice unha reserva previa do servizo, e sen esixir operacións complexas de adaptación que diminúan a capacidade do vehículo ou demoren de maneira significativa a prestación do servizo.
3. En todo caso, os vehículos contarán cun espazo dedicado a maleteiro suficiente para transportar a equipaxe da súa pasaxe. Excepto no suposto de vehículos adaptados para o transporte de persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas, devandito espazo deberá resultar independente e diferenciado do habitáculo destinado ás persoas.

**Artigo 24. Imaxe.**

1. Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor indistinta e respectarán os requisitos de imaxe unificada que se podan establecer pola Xunta de Galicia.
2. Figurarán no exterior do vehículo, no centro das dúas portas dianteiras do mesmo, o número de licenza municipal así como o escudo do Concello de Vilalba. Estes distintivos terán as dimensións e cores que estableza o Concello, e deberán ser, en calquera caso, claramente visibles.
3. Para a fixación dos distintivos mencionados, poderán utilizarse adhesivos permanentes, prohibíndose en calquera caso, o emprego de placas magnéticas ou imantadas. Colocarase en lugar visible do interior do vehículo un impreso no que figurarán as tarifas vixentes e as súas condicións de aplicación.
4. No interior do vehículo, e en lugar visible, colocarase unha placa co número de licenza municipal e o número de prazas autorizadas.
5. Os taxis estarán equipados cun módulo luminoso exterior que sinale claramente, cumprindo en todo momento coa normativa técnica aplicable, a súa dispoñibilidade para prestar o servizo como a tarifa que resulte aplicable.

**Artigo 25. Publicidade.**

1. Os titulares das licenzas poderán contratar e colocar anuncios publicitarios tanto no interior como no exterior do vehículo, sempre que se conserve a estética deste, non se impida a visibilidade nin se xere risco algún, e non se atente contra a imaxe do sector. No exterior do vehículo a publicidade quedase restrinxida ás portas laterais traseiras, en dous terzos e ao faldón traseiro do vehículo, paragolpes e carrocería do maleteiro.
2. O Concello de Vilalba poderá establecer campañas de promoción publicitaria institucional na parte traseira dos vehículos adscritos ao servizo de taxi. As citadas campañas serán custeadas polo Concello de Vilalba, e non suporán gasto algún para os taxistas.
3. Prohíbese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas. En todo caso non a publicidade utilizada non poderá contradicirse o establecido na normativa sobre tráfico e seguridade viaria.

**Sección 3ª. DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAXI.****Artigo 26. Concertación.**

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria, nas paradas establecidas, mediante chamada na vía pública ou a través de calquera medio ou aplicación establecido pola normativa vixente.
2. Asemade atenderase ao establecido na normativa vixente para o suposto de concertación do servizo na vía pública e, en todo caso, ao establecido nas disposicións sobre tráfico e seguridade viaria.
3. A contratación do servizo, como regra xeral, levarase a cabo mediante a contratación da capacidade total do vehículo e sempre en cumprimento do establecido na normativa aplicable á seguridade vial.

**Artigo 27. Iniciación do servizo.**

1. Os vehículos taxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, para indicar a situación de "libre", deberán levar acesa na parte superior dianteira da carrocería e conectada ao aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará ao ocuparse o vehículo.
2. Cando se trate dun servizo contratado por emisora, teléfono ou outro medio telemático, o servizo entenderase iniciado onde estivera o vehículo, pero sen que en ningún caso puidera superarse a tarifa fixada como mínima cando recolla ao usuario.
3. Para poder acceder ás rúas peonís, os titulares de licenzas de taxi deberán solicitalo ao Concello, e cando presten algún servizo recollido nesta Ordenanza avisarán á Policía Local.
4. Os taxis poderán acceder ás zonas peonís ou semipeonís cando vaian a recoller ou deixar viaxeiros con orixe ou destino na zona e se trate de persoas de idade avanzada, con problemas de mobilidade ou que transporten maletas ou outros vultos análogos, debendo avisar á Policía Local.
5. Os taxis poderán realizar unha parada para recoller viaxeiros ou cargar/descargar maletas ou vultos análogos, debendo buscar o lugar máis axeitado e onde menos se entorpeza a circulación, no mesmo sentido no relativo a baixar o condutor do vehículo.

**Artigo 28. Paradas.**

1. Establécense no Concello de Vilalba os seguintes lugares de parada nas que os taxis poderán estacionar á espera de pasaxeiros ou pasaxeirás:
  - ◆ Praza de Suso Gayoso – Rúa da Pravia: 13 prazas
  - ◆ Estación de autobuses – Rúa Lois Peña Novo: 3 prazas.



As paradas establecidas estarán correctamente sinalizadas e contarán con accesos para persoas con mobilidade reducida.

Establécese a liberdade de parada. Os titulares de licenzas de taxi poderán facer usos de tódalas paradas establecidas na presente Ordenanza.

#### **Artigo 29.** Horarios.

1. Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán prestar o servizo de maneira continuada, salvo nos supostos de vacacións e descansos, durante as 24 horas do día. Coa finalidade de manter o servizo, realizaranse quendas de traballo para así contribuír á mellora da atención cidadá e da correcta distribución do traballo axustándose á demanda.
2. Os representantes das organizacións municipais representativas do sector presentarán antes do 15 de decembro do ano natural o acordo de quendas para o ano seguinte. No acordo presentado deberá cubrirse o servizo na totalidade das paradas reflectidas na presente ordenanza por calquera dos medios permitidos.
3. No suposto de que os citados non presenten no prazo establecido o acordo de quendas, este será realizado polo Concello e remitido aos representantes das organizacións municipais representativas do sector para a súa posta en práctica.
4. Nas datas de celebración de eventos do Concello de Vilalba, haberá liberdade de quendas. Dende o Concello de Vilalba determinarase ao final de cada ano e antes da realización das quendas as datas de celebración dos citados eventos.
5. As gardas nocturnas son obrigatorias, establecendo as quendas as asociacións de taxistas rexistradas no Concello, ou de non producirse o citado acordo as que este dispoña.
6. Establécese a obrigatoriedade dun único número de teléfono que garante o servizo.

### **CAPÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO.**

#### **Artigo 30.** Réxime económico.

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que garantirán a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e, permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.
2. En relación ao réxime de tarifas estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.
3. As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria dende o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos.

#### **Artigo 31.** Taxímetro.

1. Os vehículos que presten o servizo de taxi estarán equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo. O mesmo incorporará impresora de factura.
2. O taxímetro situarase no terzo central da parte dianteira do vehículo, co fin de permitir a súa visualización polos usuarios tendo que estar iluminado mentres estea en funcionamento.

### **CAPÍTULO IV. ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI.**

#### **Artigo 32.** Dereitos dos usuarios.

En canto aos dereitos dos usuarios do servizo de taxi estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

#### **Artigo 33.** Deberes dos usuarios.

En canto aos deberes das persoas usuarias do servizo de taxi estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

### **TÍTULO III. INSPECCIÓN, INFRACCIÓN, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.**

#### **Artigo 34.** Inspección.

1. Sen prexuízo do indicado con respecto ao visado de licenzas na presente norma regulamentaria, a actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo someterase a control administrativo.
2. A función inspectora exercerase de oficio ou a instancia de parte e ten como finalidade garantir a adecuación da actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo ao establecido pola normativa vixente na materia.
3. As funcións de vixilancia e inspección do servizo de taxi corresponderá ao servizo da Policía Local do Concello de Vilalba, sen prexuízo das competencias que outras administracións públicas teñan atribuídas.

4. O persoal inspector terá recoñecido o carácter e a potestade de autoridade pública, estando provisto de documento acreditativo da súa condición, expedido pola administración competente, e que deberá ser exhibido con carácter previo ao exercicio das súas funcións. Asemade gozará de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.
5. Os axentes da autoridade pertencentes ao Corpo da Policía Local do Concello de Vilalba serán os encargados da función de inspección, sendo axentes da autoridade, e identificaranse co distintivo do que dispoñen como tal.

#### **Artigo 35. Infraccións.**

1. En relación ás regras sobre a responsabilidade administrativa polas infraccións cometidas estarase ao establecido na normativa aplicable á materia.
2. Son infraccións as accións e as omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola normativa aplicable á materia a título de dolo, culpa ou simplemente inobservancia.
3. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.
4. Atenderase á normativa aplicable á materia en canto á consideración das infraccións como leves, graves ou moi graves.

#### **Artigo 36. Sancións.**

1. Atenderase á normativa aplicable á materia anten co á contía da sanción que se impoña pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves referidas no artigo anterior.
2. A competencia para a imposición das sancións establecidas no apartado anterior respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderá ao órgano municipal correspondente; no resto dos supostos corresponderá ao órgano competente en materia de transportes da Administración Autonómica.

#### **Artigo 37. Procedemento sancionador.**

1. O procedemento para a imposición de sancións previstas nesta Ordenanza iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos do mesmo ou por denuncia ou acta de inspección.
2. O prazo máximo en que deberá notificarse a resolución do procedemento sancionador será dun ano, contado desde a data de iniciación do mesmo por acordo do órgano competente con nomeamento do instrutor e traslado de prego de cargos á persoa presuntamente infractora.
3. O procedemento sancionador axustarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en consideración, no seu caso, as especificacións previstas para o procedemento sancionador nas normas estatais e autonómicas en materia de transporte.

#### **Disposición adicional.**

Os aspectos non regulados na presente ordenanza rexeranse polo disposto na normativa vixente aplicable á materia.

#### **Disposición final.**

A presente Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada e publicada completamente no Boletín Oficial Provincia, conforme o establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ao día seguinte da súa publicación

Vilalba, 21 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3910

---

### *Anuncio*

#### **Expediente 4979/2022**

#### **Bases xerais para a execución da OEP extraordinaria 2022 do Concello de Vilalba en aplicación da Lei 20/2021 de Medidas Urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2022, acordaba, en relación co expediente 4979/2022, aprobar as Bases xerais polas que se establecen as normas para a estabilización de emprego temporal mediante o sistema extraordinario de concurso, así como as Bases xerais polas que se establecen as normas para a estabilización de emprego temporal mediante o sistema extraordinario de concurso-oposición.

En cumprimento da parte dispositiva do acordo, procédese á publicación do texto íntegro das Bases referenciadas ut supra.

En Vilalba, a 21 de decembro de 2022. A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

Procedemento: Estabilización de emprego temporal
Número de expediente: 4979/2022
Asunto: Bases xerais polas que se establecen as normas para a estabilización de emprego temporal mediante o sistema extraordinario de concurso

## 1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO e SISTEMA DA CONVOCATORIA

As presentes bases regulan os procesos selectivos que se convoquen para o acceso ás distintas categorías de persoal funcionario e laboral do Concello de Vilalba, en aplicación da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Conforme á citada normativa, o sistema de selección será o de concurso e incluírá aquelas prazas de natureza estrutural que, estando ou non dentro das relacións de postos de traballo, estean dotadas orzamentaria e estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

## 2. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas;
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para nomeamento, **debe cumprir no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984**, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

## 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará no Concello. A presentación de instancias comportará a aceptación pola persoa interesada das bases da convocatoria.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será **de 20 días (vinte) hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria **Boletín Oficial do Estado**.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados presentarse conforme se establece na base 4.3.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes; unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Por tanto, calquera modificación da solicitude deberá realizarse dentro do prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitude. Finalizado devandito prazo, non se admitirá modificación de ningún tipo.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará a causa de exclusión e concedendo un prazo de 10 días (dez) hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

#### 4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que: **a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases**, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

##### 4.1) Anexo 1 das presentes bases

A instancia deberá presentarse de conformidade co modelo normalizado que acompaña coma anexo 1 as presentes bases de selección. Ningunha instancia que sexa presentada sen o modelo normalizado específico que se acompaña será admitida, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

##### 4.2) Fotocopia do DNI ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

##### 4.3) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Neste senso é preciso que os aspirantes consulten a base sétima do presente documento. En todo caso reflíctese neste apartado o que segue:

*"Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado da Administración pública correspondente que deberá ser expedida de conformidade co modelo e requisitos mínimos do Anexo I - Leo 70/1978, de 26 de decembro, onde quede acreditado de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización do contrato en cuestión.*

*En caso de contratos coa Administración efectuados no réxime estipulado no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, será necesario presentar unha copia autenticada do referido contrato de traballo [...]*

*[...] Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título. En caso de que os referidos diplomas ou títulos non estean firmados dixitalmente, será preciso que estes estean autenticados."*

##### 4.4) Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso):

A documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención

da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

## 5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

### 5.1) Composición e funcionamento do Tribunal

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución do Sr. Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase na Sede Electrónica do Concello.

Contra os actos do tribunal cualificador poderanse interpoñer os seguintes recursos e reclamacións:

- Contra as propostas finais dos/ as aspirantes seleccionados/ as e, en xeral, contra os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento selectivo ou produzan indefensión e que non esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, ante a Presidencia, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou da súa publicación na Sede Electrónica. Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e iso sen prexuízo de que se poida exercitar outro que se estime pertinente.

- Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar as reclamacións e formular as alegacións que estimen pertinentes ante o Tribunal no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data de publicación.

En tanto se manteña a situación sanitaria derivada da COVID-19 e co fin de conciliar o dereito á protección da saúde cos principios de igualdade, mérito e capacidade, que rexen o acceso á función pública, así como o de axilidade á hora de ordenar o desenvolvemento dos procesos selectivos, habilitase á Tribunal Cualificador para a adopción de cantas instrucións ou resolucións sexan precisas no desenvolvemento das probas ou dalgunha das súas fases, incluídos a forma, o procedemento e a orde de actuación dos aspirantes.

### 5.2) Asistencia técnica ao Tribunal

O Tribunal poderá dispoñer da posibilidade incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

## 6. COÑECEMENTO DO GALEGO

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu tenor literal o que segue: “...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución nun tempo máximo de 1 hora dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o CELGA correspondente, ou estudos equivalentes.

Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio.

## 7. FASE DE CONCURSO

### 7.1) Baremo de méritos segundo a experiencia do aspirante.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de **60 % da puntuación global**

- Por cada mes completo de servizos prestados coma persoal funcionario de carreira ou interino no corpo ou escala ou como persoal laboral indefinido ou temporal na categoría profesional no Concello de Vilalba: 0,40 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Local municipal ou provincial coma persoal funcionario de carreira ou interino no corpo ou escala ou como persoal laboral indefinido ou temporal na categoría profesional ao que aspira: 0,25 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración pública prestados coma persoal funcionario de carreira ou interino no corpo ou escala ou como persoal laboral indefinido ou temporal na categoría profesional ao que aspira: 0,17 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de **60 puntos**. Os meses considéranse de 30 días. Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado da Administración pública correspondente que deberá ser expedida de conformidade co modelo e requisitos mínimos do Anexo I - Leo 70/1978, de 26 de decembro, onde quede acreditado de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización do contrato en cuestión.

En caso de contratos coa Administración efectuados no réxime estipulado no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, será necesario presentar unha copia autenticada do referido contrato de traballo.

Os méritos segundo a experiencia alcanzada no Concello convocante serán expedidos de oficio pola propia administración, non sendo precisa a súa presentación por parte dos solicitantes. Todo elo en base ao disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.2) Baremo de méritos segundo formación do aspirante.

A puntuación máxima neste apartado será de **40% da puntuación global**

Valorarase a actualización permanente dos coñecementos e capacidades profesionais do persoal conforme ao indicado no principio básico de conduta dos empregados públicos contidos no artigo 54.8 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Esta valoración efectuarase a través dos seguintes baremos:

1) Cursos ou xornadas impartidos por Institutos, Escolas da administración pública ou homologados por estas, incluída a formación impartida pola Academia Galega de Seguridade Pública:

- Cursos de duración entre 50 e 74 horas: 2 puntos.
- Cursos de duración entre 75 e 99 horas: 4 puntos.
- Cursos de máis de 99 horas de duración: 6 puntos.

A puntuación máxima a obter no presente apartado será de **30 puntos**.

2) Cursos ou xornadas impartidos por Administracións Públicas, Universidades ou homologados por estas, Sindicatos, ou Colexios Profesionais:

Cursos de duración entre 50 e 74 horas: 1 puntos.

Cursos de duración entre 75 e 99 horas: 2 puntos.

Cursos de máis de 99 horas de duración: 3 puntos.

A puntuación máxima a obter no presente apartado será de **20 puntos**.

3) Cursos de linguaxe administrativa galega:

- Linguaxe administrativa galega nivel medio: 2 puntos.
- Linguaxe administrativa galega nivel superior: 4 puntos.

No caso de acreditar as dúas titulacións, só se valorará o nivel máis alto de formación. A puntuación máxima neste apartado será de **4 puntos**.

A puntuación máxima neste apartado será de **40 puntos**, valorarase aqueles méritos académicos superados e debidamente acreditados convocados e impartidos pola Administración Pública estatal, autonómica e local, universidades, servizo público de emprego, colexios profesionais, e organizacións sindicais.

Serán valorados unicamente os méritos vinculados coas funcións da praza a convocar, sendo estas funcións as estipuladas no anexo II das bases específicas de selección.

A Corporación reservase a posibilidade de computar méritos específicos adecuados ás características dos postos que requiran una cualificación profesional elevada. Estes méritos específicos versarán sobre titulacións

universitarias, así coma cursos de formación impartidos e deberá quedar acreditada a necesidade e oportunidade da súa valoración de conformidade co disposto no artigo 35.1 letra i) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Neste sentido, para os efectos do concurso, no relativo ás titulacións académicas nas bases específicas outorgase maior puntuación atendendo a criterios obxectivos tales como a duración ou número de créditos ECTS.

Non se valorarán as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin as xornadas ou cursos nos que non quede acreditada a súa duración.

Non serán valorados os cursos de informática realizados con anterioridade ao ano 2010.

Non serán valorados os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre normativa derogada.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título. En caso de que os referidos diplomas ou títulos non estean firmados dixitalmente, será preciso que estes estean autenticados.

Aqueles méritos de entre os alegados, que non resulten debidamente xustificados, de conformidade co establecido nestas Bases, non serán valorados.

No suposto de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias. Non será necesario presentar a documentación acreditativa da formación cando esta figure nos expedientes do servizo de Recursos Humanos deste Concello, en base ao disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os méritos a puntuar neste apartado computaranse ata a data de fin de prazo de presentación de instancias.

No caso de valoración de méritos formativos relacionados con postos cuxas funcións sexan propias de oficios, imperarán as seguintes especialidades: computarante os cursos de formación e perfeccionamento cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos coma, por exemplo e entre outros: os de coñecemento de lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, o contido da ofimática, entre outros.

O número de horas requiridas para acadar unha puntuación máxima será a seguinte: 60 horas, o que implicará unha puntuación de **0,67 puntos** por hora de formación debidamente acreditada.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título. Aqueles méritos de entre os alegados, que non resulten debidamente xustificados, de conformidade co establecido nestas Bases, non serán valorados.

A puntuación máxima neste apartado será de **40 puntos**, valorarase aqueles méritos superados e debidamente acreditados.

## 8. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de Concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados. No suposto de empate haberá que estar ao disposto na base 11 do presente documento.

## 9. PROPOSTA DE SELECCIÓN

O Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía-Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas/postos/funcións convocados. Dita proposta publicarase na Sede Electrónica do Concello.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para posibles substitucións no supostos de que se produza incidencias en relación á praza/posto/función convocada.

Este proposta, que será recollida nun acta, será publicada na Sede Electrónica da Corporación, en base ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en tanto a Administración estima que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos os posibles interesados.

Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan vacantes na praza convocada xa sexan temporais ou permanentes, o Alcalde poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento como funcionarios interinos, sempre que estes houberan obtido o 50% dos posibles puntos a obter no Concurso de méritos.

A orde dos nomeamentos para a provisión das vacantes realizarase por estrita orde de puntuación e a bolsa para cubrir estas circunstancias contará cunha vixencia dun máximo de seis anos desde que se vaian producindo. (disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

## 10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Electrónico do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
A proba consistirá na tradución dun texto de castelán ao galego ou de galego ao castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego exixido. A dita proba cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego exixido na dita Base Terceira.9º, sexa porque non se presenten á dita proba, sexa porque acaden o resultado non apto. En todo caso, os criterios de corrección serán adoptados con carácter previo á realización da proba polo Tribunal cualificador e serán debidamente publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

A dita proba realizarase unha vez efectuada a valoración de méritos polo Tribunal cualificador, no lugar, na data e na hora que este último determine, a cal será publicada no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove. No dito acordo do Tribunal cualificador citarás ás persoas aspirantes admitidas que non acreditasen o nivel de coñecemento da lingua galega exixido na dita Base Terceira.9º.

As persoas aspirantes citadas para esta proba deberán presentar ante o Tribunal cualificador o seu DNI, pasaporte, permiso de condución ou documento oficial análogo que acredite a identidade e a nacionalidade desta.

Para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización da proba empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán entregadas con carácter previo á realización da proba e, unha vez rematada esta, serán entregadas pola persoa aspirante nun sobre cerrado, que será selado e asinado polos membros do Tribunal cualificador.

O Tribunal cualificador anulará aquelas probas nas que figuren marcas, sinaturas ou elementos análogos que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, quedando eliminadas definitivamente do proceso selectivo.

O Tribunal cualificador adoptará as medidas que resulten precisas en orde a adaptar o tempo e os medios para a realización da proba de galego a aquelas persoas aspirantes con discapacidade que o solicítase, co fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes. Esta adaptación realizarase conforme ao establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Efectuada a proba polas persoas aspirantes, os resultados da mesma serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, podendo as persoas formular alegacións fronte a cualificación destas no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á data da dita publicación.

Resoltas as alegacións polo Tribunal cualificador, faranse constar no oportuno acordo as correccións deste se houberse lugar a elas, publicándose este no Taboleiro de Anuncios do Concello de Xove.

#### **DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO**

A cualificación final do proceso selectivo será a resultante da suma final da cualificación outorgada polo Tribunal cualificador dos méritos relativos á experiencia e dos méritos relativos á formación. A dita cualificación final en ningún caso poderá superar os cen (100 puntos).

No suposto de empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase de acordo cos seguintes criterios e na seguinte orde de prelación:

1º.- Terá prioridade, en primeiro termo, a persoa aspirante que acredite maior tempo de servizos prestados no Grupo e Subgrupo, e no Corpo ou Escala da Administración convocante.

2º.- De persistir o empate, terá prioridade, en segundo lugar, a persoa aspirante que acredite maior puntuación no apartado do baremo de méritos relativo á experiencia profesional.

3º.- De persistir o empate, terá prioridade, en terceiro lugar, a persoa aspirante que acredite maior puntuación no apartado do baremo de méritos relativo á formación.

4º.- De persistir o empate, terá prioridade, en cuarto lugar, a persoa aspirante de maior idade.

Determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o Tribunal cualificador fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

O Tribunal cualificador non poderá aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, e deberá realizar a proposta de contratación das persoas aspirantes que superaron o dito proceso selectivo.

En todo caso e co fin de asegurar a cobertura das prazas vacantes convocadas, e aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Tribunal cualificador para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos ou condicións exixidas nas presentes Bases, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás proposta por orde de puntuación.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA .- PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS FINAIS**

As cualificacións finais, a listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo, a proposta de contratación do Tribunal cualificador e a relación complementaria das persoas aspirantes referida anteriormente, serán publicadas no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

#### **DÉCIMO SEGUNDA . ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN**

As persoas aspirantes propostas achegarán, dentro do prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de contratación do Tribunal cualificador no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, os seguintes documentos:

- Certificado ou informe médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses-, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar.

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- Informe ou certificado do número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.

- Certificación de conta bancaria.

Ante a eventual imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

As persoas aspirantes que non achegase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderán ser contratados como persoal laboral fixo nin tampouco de se do exame da documentación achegada se deducise que estes carecen dalgún requisito a tal efecto.

A achega da dita documentación poderá realizarse nos seguintes lugares e/ou a través dos seguintes medios:

De xeito presencial na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Xove, en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (de luns a venres).

A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove.

A través de calquera dos medios e/ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DECIMO TERCEIRA. NOMEAMENTO E CONTRATACION.**

Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes seleccionadas, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao das prazas convocadas, serán nomeados persoal laboral fixo, pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Xove unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A proposta do Tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación da resolución dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da formalización do correspondente contrato laboral, unha vez que se practique a notificación persoal da dita circunstancia.

A toma de posesión das persoas incluídas na resolución da persoa titular da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

No suposto de que non se formalizase o correspondente contrato laboral por causa imputable ao aspirante no prazo sinalado, entenderase que a persoa seleccionada renuncia á praza convocada, e perderá todos os dereitos adquiridos durante o proceso selectivo quedando anuladas todas as súas actuacións.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión.

#### **DÉCIMO CUARTA .- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As Bases desta convocatoria vinculan ao Concello de Xove, ao Tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

En todo caso, o Tribunal cualificador queda facultado para a interpretación das Bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias se presenten na súa aplicación. Para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **DÉCIMO QUINTA.- REVISIÓN DAS ACTUACIÓNS**

As Bases da presente convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas e das actuacións do Tribunal cualificador poderán ser impugnadas ante a persoa titular da Alcaldía do Concello de Xove, nos casos, prazos e na forma establecida na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como directamente ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo nos casos, prazos e na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica deste Concello.

Xove, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3876

#### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 21 de decembro de 2022 aprobáronse as **BASES REGULADORAS QUE REXERÁN, NO MARCO DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, O PROCESO SELECTIVO EXCEPCIONAL PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE SEIS (6) PRAZAS DE LIMPEZA**

**DE INSTALACIÓNS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE XOVE PARA O ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN (BOP LUGO NÚM. 108, DO 12 DE MAIO DE 2022)****PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto destas bases a convocatoria para a provisión, mediante o sistema de acceso libre e a través do procedemento de concurso de méritos, dentro dun proceso extraordinario de estabilización do Concello de Xove, segundo o disposto na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, das seguintes prazas:

PERSOAL LABORAL FIXO.

PRAZAS: LIMPEZA INSTALACIÓNS

Nº DE PRAZAS: 6

GRUPO: AP

Estas prazas foron ofertadas na oferta de emprego público aprobada en virtude do Decreto de Alcaldía do Concello de Xove do 4 de maio de 2022, e que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 108, do 12 de maio de 2022.

As prazas están dotadas orzamentariamente e están incluídas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove.

As retribucións a percibir serán as correspondentes ás ditas prazas consonte ao establecido nos artigos 22 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como no artigo 23 do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Persoal Funcionario do Concello de Xove

**SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN**

As prazas indicadas corresponden ao proceso extraordinario de estabilización do emprego público, segundo o disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e conforme ao establecido nos apartados sexto e sétimo do artigo 61 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo sistema de concurso de méritos, ao reunir as ditas prazas os requisitos do artigo 2.1 da dita Lei 20/2021, é dicir, son prazas de natureza estrutural, que están incluídas na relación de postos de traballo do Concello de Xove, que están dotadas orzamentariamente, e que estiveron ocupadas con carácter temporal e de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

A convocatoria das ditas prazas rexerese polo previsto nas presentes bases e polo disposto nas seguintes normas:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local (a excepción dos seus artigos 8 e 9).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

**TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Para participar e ser admitidos no proceso selectivo obxecto das presentes bases, as persoas aspirantes deberán reunir, antes de que remate o último día de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos, que deberán conservarse, cando menos, ata a data de nomeamento:

1º.- Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no ámbito de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2º.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3º.- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4º.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 56.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

5º.- Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme ás normas penitenciarias e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

6º.- Estar en posesión da/s seguinte/s titulación/s:

Non é exixible ningunha titulación das prevista no sistema educativo por aplicación do disposto no art. 76 e na Disposición Adicional 6ª do EBEP.

7º.- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

8º.- De conformidade co previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, o non ser condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código penal.

Para ese efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

9º.- O coñecemento da lingua galega: as persoas interesadas deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Diario Oficial de Galicia núm. 146, do 30 de xullo de 2007), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (Diario Oficial de Galicia núm. 34, do 19 de febreiro de 2014).

Todos aquelas persoas aspirantes que non dispoñan do Celga 2, deberán realizar a proba de coñecemento da lingua galega reflectida na Base Novena para acreditar o nivel de coñecemento da lingua equivalente ao Celga 2.

#### **CUARTA.- PUBLICACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA**

De conformidade co disposto nos artigos 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e 6 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o anuncio da presente convocatoria e das bases que rexen o presente proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Así mesmo, o anuncio da convocatoria tamén será publicado no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

#### **QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

##### **1º.- LUGAR E FORMA**

As solicitudes de participación no proceso selectivo poderán presentarse nos seguintes lugares e/ou a través dos seguintes medios:

A) De xeito presencial na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Xove, en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (de luns a venres).

B) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove.

C) A través de calquera dos medios e/ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puideran advertir, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

Á solicitude de participación deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: documento nacional de identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

b) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

c) No seu caso, certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, nos termos reflectidos na Base Terceira.8º.

d) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado, nos termos reflectidos na Base Terceira.9º.

e) Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso, nos termos reflectidos na Base Cuarta.2.

f) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes Bases para participar no proceso selectivo.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

## **2º.- FORMA DE ACREDITACIÓN E PRESENTACIÓN DOS MÉRITOS**

As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude referida anteriormente e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo conforme ao previsto nestas bases.

Para a xustificación e/ou acreditación dos méritos a persoa aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude efectuada ante os ditos organismos oficiais, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O Tribunal cualificador poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Se o mérito que se alega é ter prestados servizos, deberá achegarse a correspondente certificación da Administración Pública ou entidade do sector público onde prestou os ditos servizos a persoa aspirante, xunto cun informe da vida laboral recente, nos termos expresados na Base 8.

Sen prexuízo do anterior, a falta de acreditación dos méritos alegados nos termos expostos nas presentes Bases, acreditados de forma insuficiente, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal cualificador.

## **3º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

## **SEXTA.- ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o/a Alcalde/sa resolverá aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas cos motivos da exclusión, así como a designación do Tribunal cualificador.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, concedéndose un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no dito boletín oficial, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do Tribunal cualificador.



A publicación da dita resolución no dito boletín oficial será determinante para efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade coa lexislación vixente.

A emenda ou reclamación á listaxe provisional de admitidos e excluídos poderase presentar electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Xove.

Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Xove, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións se non as houberse. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoas ou desestimándoas.

A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de persoas admitidas e excluídas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación e a hora, lugar e data en que se constituirá o Tribunal.

A data en que se efectuará a valoración dos méritos das persoas aspirantes por parte do dito Tribunal, será fixada por este o mesmo día da súa constitución. Se por calquera motivo ou feito sobrevido, tivese que modificarse a dita data, ditarase polo dito Tribunal novo acordo a tal efecto. En todo caso, os ditos acordos do Tribunal serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

O feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmentemente tras a finalización do mesmo.

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o/a Alcalde/sa do Concello de Xove, publicándose a súa composición consonte ao disposto na Base Sexta, coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas a cada proceso selectivo.

O Tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados/as xunto cos titulares polo/a Alcalde/sa do Concello de Xove.

A pertenza ao dito órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. A composición do Tribunal cualificador será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan as persoas aspirantes.

Non poderá formar parte do Tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do Tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común. A solicitude de recusación poderase presentar electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Xove ou, alternativamente, poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros da dita Administración local, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións públicas.

Todos os membros do Tribunal cualificador terán voz e voto, e este non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para a valoración dos méritos coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante a valoración dos méritos obxecto do presente proceso selectivo.

Os/as asesores/as e persoal auxiliar poden ser propostos polo Tribunal cualificador en calquera momento ao longo do proceso selectivo e serán nomeados polo/a Alcalde/sa do Concello de Xove.

Alternativamente ao disposto no parágrafo anterior, o Tribunal cualificador poderá solicitar ao/a Alcalde/sa do Concello de Xove que designe a un ou varios asesores/as especialistas e ao persoal auxiliar sen concretar a persoa

ou persoas concretas a quen designar. Nestes casos, o/a Alcalde/sa poderá nomear como asesores/as e/ou persoal auxiliar libremente a quen considere tendo en conta a solicitude do tribunal. Esta solicitude do Tribunal cualificador pode realizarse en calquera momento ao longo do proceso selectivo.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan xurdir ao longo do proceso selectivo e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do Tribunal cualificador só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común, a través do recurso de alzada ante o/a Alcalde/sa do Concello de Xove, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O dito recurso de alzada poderá presentarse electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Xove ou, alternativamente, en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros desta Administración local, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

Os acordos do Tribunal cualificador vinculan ao Concello de Xove, sen prexuízo de os órganos competentes deste poidan, no seu caso, proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Aos membros do Tribunal cualificador e, no seu caso, aos asesores/as e/ou persoal auxiliar que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando proceda, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento da súa devindicación. As indemnizacións dos asesores/as e/ou persoal auxiliar, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

#### **OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS**

Tal e como se indica na Base Primeira o procedemento de selección das prazas convocadas realizarase a través do sistema de concurso de méritos, nos termos establecidos nas presentes Bases, na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e conforme ao establecido nos apartados sexto e sétimo do artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O concurso consistirá na cualificación dos méritos alegados no momento da solicitude de participación pola persoa aspirante (non sendo polo tanto obxecto de valoración aqueles méritos obtidos con posterioridade ao vencemento do prazo de solicitude e admisión), de acordo co baremo de méritos que se establece a continuación. A puntuación máxima que se pode acadar no concurso como consecuencia da valoración de méritos efectuada consonte o seguinte baremo será de 100 puntos.

#### **BAREMO DE MÉRITOS**

##### **A) EXPERIENCIA PROFESIONAL**

Os méritos profesionais suporán o 60% da puntuación total do concurso, podéndose acadar polo tanto un máximo de 60 puntos. Os criterios de valoración deste mérito son os seguintes:

- Servizos efectivamente prestados nunha Administración local como persoal funcionario ou laboral no mesmo Grupo e Subgrupo, Corpo ou Escala da praza á convocada: 0´50 puntos por cada mes de traballo efectivo.
- Servizos efectivamente prestados en calquera outra Administración pública distinta da Administración local, como persoal funcionario ou laboral no mesmo Grupo e Subgrupo, Corpo ou Escala da praza convocada: 0´20 puntos por cada mes de traballo efectivo.
- Servizos profesionais prestados en calquera entidade do Sector Público que non teña condición de Administración Pública no Grupo e Subgrupo, Corpo ou Escala da praza convocada: 0´10 puntos por cada mes de traballo efectivo.

Para determinar as Administracións Públicas e o sector público ao que fai referencia o presente baremo de méritos, estarase ao concepto establecido no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Para acreditar o mérito relativo á experiencia profesional deberá achegarse a correspondente certificación da Administración Pública ou entidade do sector público onde prestou os ditos servizos a persoa aspirante na que se fagan constar a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico (funcionarial ou laboral), grupo e subgrupo, escala ou subescala xunto cun informe da vida laboral recente, e tempo de servizos prestados expresado en anos e meses.

##### **B) CURSOS DE FORMACIÓN**

Os criterios de valoración deste mérito son os seguintes:

- Valorarase a formación específica directamente relacionada coas funcións, responsabilidades ou competencias profesionais inherentes á praza vacante convocada. Aos ditos efectos, considerarase formación específica susceptible de valoración os cursos ou accións de formación específica, especialización ou perfeccionamento acreditados polas persoas aspirantes e que:

- Teñan sido impartidos, realizados e homologados no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), dos Acordos/Plans para a Formación Continua do Persoal das Administracións Públicas, ou equivalentes ou substitutivos.
- Teñan sido impartidos, organizados e homologados polas Administracións Públicas e aqueloutros organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das mesmas, así como por Universidades Públicas.
- Teñan sido impartidos ou organizados por centros de formación homologados polas Administracións Públicas ou por Universidades Privadas, Escolas Oficiais, Colexios Oficiais, Organización Sindicais e aqueloutras entidades públicas ou privadas.

En canto ao obxecto e contido dos ditos cursos ou accións formativas deberán cumprir, ademais, coa seguinte condición:

Que estean directamente relacionados coas funcións, responsabilidades ou competencias da praza vacante convocada.

Non se valorarán, en ningún caso:

- Os títulos académicos oficiais do Sistema Educativo Español (en ningún dos seus diferentes niveis) ou equivalentes doutros Estados, nin a formación/cursos recibidos para/durante a obtención dos mesmos. Non obstante, si que serán susceptibles de valoración os títulos de mestría, especialista, experto e aqueloutros de posgraonon doutoral que teñan sido outorgados por Universidades, Centros de Educación Superior e restantes centros públicos ou privados homologados/autorizados aos ditos efectos.
- Os certificados de profesionalidade e aqueloutras formas de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (ou equivalentes doutros Estados).
- A asistencia a xornadas, simposios, seminarios, congresos ou similares/asimilables que respecto dos que non se poida achegar título/certificación ou documento acreditativo equivalente no que figuren as horas de asistencia ou créditos no seu caso recoñecidos.
- A formación especializada que resulte imprescindible/habilitante para a obtención dunha titulación académica oficial determinada ou para o exercicio dunha profesión/carreira.
- A formación vinculada á preparación/desenvolvemento de procesos selectivos ou de provisión

No caso de que a formación alegada se corresponda con xornadas, simposios, seminarios, congresos ou similares, so serán obxecto de valoración nos supostos en que poida achegar título ou certificación ou documento acreditativo equivalente no que figuren as horas de asistencia.

A valoración da dita formación específica realizarase conforme aos criterios de puntuación sinalados a continuación, e ata o máximo total de 10 puntos:

- Cursos de Formación de 50 horas ou máis: 10 puntos por cada Curso ata un máximo de 40 puntos.

No caso de que a duración os cursos/accións de formación alegados só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 25 horas.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións de formación cun mesmo obxecto, excepto que se constate que tivera sido diferente, ou que se trate de actualizacións.

Así mesmo, cando os cursos teñan o mesmo obxecto, valoraranse unicamente os cursos de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.

Para acreditar o mérito relativo á formación alegada polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, deberán achegar o título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter superado o curso ou acción formativa alegados, e que teña sido expedido polo órgano ou autoridade competente da entidade ou organismo promotor, organizador ou responsable aos ditos efectos acreditativos.

Nos ditos documentos acreditativos da realización dos cursos ou accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración, así como o seu obxecto ou materias, temario ou contidos impartidos -a excepción dos cursos monográficos-; de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases.

#### **NOVENA .- PROBA DE GALEGO**

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, realizarase unha proba de galego, a excepción daquelas persoas aspirantes que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega exixido na Base Terceira.9º.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán ao galego ou de galego ao castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego exixido. A dita proba cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego exixido na dita Base Terceira.9º, sexa porque

non se presenten á dita proba, sexa porque acaden o resultado non apto. En todo caso, os criterios de corrección serán adoptados con carácter previo á realización da proba polo Tribunal cualificador e serán debidamente publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

A dita proba realizarase unha vez efectuada a valoración de méritos polo Tribunal cualificador, no lugar, na data e na hora que este último determine, a cal será publicada no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove. No dito acordo do Tribunal cualificador citarás ás persoas aspirantes admitidas que non acreditasen o nivel de coñecemento da lingua galega exixido na dita Base Terceira.9º.

As persoas aspirantes citadas para esta proba deberán presentar ante o Tribunal cualificador o seu DNI, pasaporte, permiso de condución ou documento oficial análogo que acredite a identidade e a nacionalidade desta.

Para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización da proba empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán entregadas con carácter previo á realización da proba e, unha vez rematada esta, serán entregadas pola persoa aspirante nun sobre cerrado, que será selado e asinado polos membros do Tribunal cualificador.

O Tribunal cualificador anulará aquelas probas nas que figuren marcas, sinaturas ou elementos análogos que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, quedando eliminadas definitivamente do proceso selectivo.

O Tribunal cualificador adoptará as medidas que resulten precisas en orde a adaptar o tempo e os medios para a realización da proba de galego a aquelas persoas aspirantes con discapacidade que o solicítase, co fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes. Esta adaptación realizarase conforme ao establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Efectuada a proba polas persoas aspirantes, os resultados da mesma serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, podendo as persoas formular alegacións fronte a cualificación destas no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á data da dita publicación.

Resoltas as alegacións polo Tribunal cualificador, faranse constar no oportuno acordo as correccións deste se houberse lugar a elas, publicándose este no Taboleiro de Anuncios do Concello de Xove.

#### **DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO**

A cualificación final do proceso selectivo será a resultante da suma final da cualificación outorgada polo Tribunal cualificador dos méritos relativos á experiencia e dos méritos relativos á formación. A dita cualificación final en ningún caso poderá superar os cen (100 puntos).

No suposto de empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase de acordo cos seguintes criterios e na seguinte orde de prelación:

1º.- Terá prioridade, en primeiro termo, a persoa aspirante que acredite maior tempo de servizos prestados no Grupo e Subgrupo, e no Corpo ou Escala da Administración convocante.

2º.- De persistir o empate, terá prioridade, en segundo lugar, a persoa aspirante que acredite maior puntuación no apartado do baremo de méritos relativo á experiencia profesional.

3º.- De persistir o empate, terá prioridade, en terceiro lugar, a persoa aspirante que acredite maior puntuación no apartado do baremo de méritos relativo á formación.

4º.- De persistir o empate, terá prioridade, en cuarto lugar, a persoa aspirante de maior idade.

Determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o Tribunal cualificador fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

O Tribunal cualificador non poderá aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, e deberá realizar a proposta de contratación das persoas aspirantes que superaron o dito proceso selectivo.

En todo caso e co fin de asegurar a cobertura das prazas vacantes convocadas, e aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Tribunal cualificador para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos ou condicións exixidas nas presentes Bases, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás proposta por orde de puntuación.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA .- PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS FINAIS**

As cualificacións finais, a listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo, a proposta de contratación do Tribunal cualificador e a relación complementaria das persoas aspirantes referida anteriormente, serán publicadas no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

## **DÉCIMO SEGUNDA . ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN**

As persoas aspirantes propostas achegarán, dentro do prazo de 10 días naturais, contados a partires do seguinte ao da publicación da proposta de contratación do Tribunal cualificador no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, os seguintes documentos:

- Certificado ou informe médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses-, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administración públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Informe ou certificado do número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- Certificación de conta bancaria.

Ante a eventual imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

As persoas aspirantes que non achegase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderán ser contratados como persoal laboral fixo nin tampouco de se do exame da documentación achegada se deducise que estes carecen dalgún requisito a tal efecto.

A achega da dita documentación poderá realizarse nos seguintes lugares e/ou a través dos seguintes medios:

De xeito presencial na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Xove, en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (de luns a venres).

A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove.

A través de calquera dos medios e/ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **DECIMO TERCEIRA. NOMEAMENTO E CONTRATACION.**

Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes seleccionadas, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao das prazas convocadas, serán nomeados persoal laboral fixo, pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Xove unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A proposta do Tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación da resolución dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da formalización do correspondente contrato laboral, unha vez que se practique a notificación persoal da dita circunstancia.

A toma de posesión das persoas incluídas na resolución da persoa titular da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

No suposto de que non se formalizase o correspondente contrato laboral por causa imputable ao aspirante no prazo sinalado, entenderase que a persoa seleccionada renuncia á praza convocada, e perderá todos os dereitos adquiridos durante o proceso selectivo quedando anuladas todas as súas actuacións.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión.

## **DÉCIMO CUARTA .- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As Bases desta convocatoria vinculan ao Concello de Xove, ao Tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

En todo caso, o Tribunal cualificador queda facultado para a interpretación das Bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias se presenten na súa aplicación. Para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## **DÉCIMO QUINTA.- REVISIÓN DAS ACTUACIÓNS**

As Bases da presente convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas e das actuacións do Tribunal cualificador poderán ser impugnadas ante a persoa titular da Alcaldía do Concello de Xove, nos casos, prazos e na forma establecida na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como directamente ante os Xulgados do

Contencioso-Administrativo de Lugo nos casos, prazos e na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica deste Concello.

Xove, 21 de decembro de 2022.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3877

---